

## ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 29 DE ABRIL DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.03 horas do día 29 de abril de 2020, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Pablo Pérez Pérez

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

**Deputados de Democracia Ourensana:**

D. José Miguel Caride Domínguez

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Novoa

**Secretario:** D. Francisco Cacharro Gosende

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asisten os seguintes deputados e deputadas debido ás medidas adoptadas polo estado de alarma en relación co COVID19, e que enviaron debidamente o seu voto para os distintos puntos da orde do día, ao abeiro do establecido no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación:

**Do Grupo Popular:**

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

**Do Grupo Socialista:**

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

**Do Grupo de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

A Presidencia abre a sesión solicitando que se garde un minuto de silencio polas vítimas do COVID – 19, que neste momento son 23.822 persoas en España e 112 na provincia de Ourense, enviando toda a solidariedade da Corporación ás súas familias.

Rematado o minuto de silencio en memoria das vítimas da pandemia, o Sr. Presidente informa aos deputados asistentes de que hoxe estréase o sistema de votación electrónica instalado no salón de plenos. A continuación, e trala ratificación por unanimidade – logo da lectura da proposición da Presidencia no punto 1º - da inclusión dos asuntos na orde do día (ao non terse realizado as comisións informativas previas para o seu ditame) iniciouse o seu tratamento do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no canal de vídeo mediateca streaming, no seguinte enlace:

<http://depourense.seneca.tv/library/items/pleno-covid-abril-2020>

**1º.- DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL NA PROVINCIA DE OURENSE POLAS VÍTIMAS DO VIRUS COVID 19.-**

O Sr. Presidente da lectura á súa proposición, co seguinte contido:

*O pasado 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde declarou o estado de pandemia internacional ante a rápida propagación, a escala mundial, do coronavirus COVID-19. O conseguinte estado de emerxencia de saúde pública, de dimensións*

*planetarias, deu lugar a unha situación excepcional e sen precedentes, cun enorme impacto, social, económico e cultural, cuxas consecuencias últimas aínda non son predicibles por enteiro, pero cuxos efectos máis inmediatos manifestáronse, dende o primeiro momento, no conxunto da sociedade.*

*A provincia de Ourense non é allea ao drama internacional desatado pola pandemia, e dende o minuto un os veciños e veciñas, coa mesma exemplaridade demostrada polo resto da cidadanía galega e española, afrontamos esta crise inédita co espírito colectivo de decisión, consenso, sacrificio e solidariedade que esixen os grandes desafíos. Este espírito trasladouse da veciñanza aos axentes sociais e ás institucións, sen excepcións, expresando unha vontade clara e sen vacilacións de facer fronte á pandemia, vontade que, entre todos, debemos manter, como o noso principal activo para derrotar á enfermidade.*

*Esa vontade colectiva convive sen contradición, como non podía ser doutro xeito, coa profunda dor polo pasamento de moitos, demasiados, ourensáns, vítimas do coronavirus. No momento en que se redacta esta proposta, transcorreron xa algunhas horas dende que a cifra de falecidos en Ourense superase a centena. Por desgraza, serán moitos máis no momento en que esta mesma proposta se debata ante o Pleno da Corporación. E estes momentos de dor e incerteza vense máis agravados, se cabe, pola triste circunstancia de que as necesarias medidas de restrición da mobilidade social, decretadas co fin de evitar no posible a expansión da enfermidade, afectan tamén á celebración dos ritos funerarios cos que, desde sempre, damos o derradeiro adeus aos nosos mortos.*

*Por isto, procede que dende o Pleno da Deputación Provincial de Ourense, o concello dos concellos, a asemblea onde están representados os veciños e veciñas da provincia, se declare o loito oficial polas vítimas do COVID 19, nun xesto simbólico de compaixón coa dor dos nosos e do conxunto das persoas que habitamos este planeta. Con este xesto honramos a memoria dos que nos deixaron, aos que nunca esqueceremos, ao tempo que expresamos o noso compromiso en defensa da vida e da dignidade.*

*Polo exposto, propónse que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:*

*Declarar o loito oficial na provincia de Ourense pola vítimas do coronavirus COVID 19, con efectos dende o día da data e ata o cese da pandemia na provincia.*

*Durante este período, as bandeiras oficiais nas institucións provinciais ondearán a media hasta, e lucirán crespóns negros en sinal de loito.*

*A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:*

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que non quere perder a oportunidade de compartir os seus sentimentos coa veciñanza desta provincia e con tódalas persoas que formamos este país. Quere que as súas primeiras verbas vaina dirixidas aos familiares, amigos e compañeiros das vítimas, e di que non é posible esquecer ningún día a dor profunda que un inimigo invisible pode causar ao arrebatarse unha nai, un pai ou uns avós, e quere por iso amosar un agarimo especial a todos aqueles que perderon a un ser querido e non puideron velalo. Wuer tamén mandar unha mensaxe de ánimo a tódalas persoas que están a pasar por estar enfermidade. Quere tamén facer un recoñecemento público á labor que está a desenvolver o persoal sanitario, que está a facer de escudo nunha batalla descoñecida para a que ninguén estaba preparado, así como ao persoal dos supermercados e pequenos comercios de alimentación, ao persoal de limpeza e de medo ambiente, aos transportistas, aos corpos e forzas de seguridade do Estado, a protección civil, ONG's, persoal de farmacias e funerarias... a todos eles, moitas grazas, sodes un exemplo a seguir para moitos de nós. Di que dende o primeiro momento amosou a súa lealdade institucional, porque é o momento de unirse e chegar a acordos necesarios e urxentes, e non concibe neste momento outra oposición que a de tender a man e estar ao carón das decisións que tome o grupo de goberno, e algunhas serán acertadas e outras non, pero a cuestión é saber onde ter que estar un político – ou política – nun momento como este, porque en momentos excepcionais é cando unha persoa ou un político debe ser excepcional. Di que tentará facer unha crítica construtiva con achegas en positivo, que xa trasladou á Presidencia e ao portavoz do grupo maioritario, e se adopta esta posición é porque considera que ningún veciño debe vernos enfrontados en debates cheos de odio ou rabia, porque non é o momento, e agora debemos ser conscientes de que formamos parte dun círculo que abrangue aos veciños da provincia e ese círculo debe ser perfecto e sen ningunha fisura para saír da pandemia. Ante a dor e o sufrimento das vítimas e dos autónomos, empresarios e traballadores, é o momento de aparcarse o debate político e amosar o nos lado máis humilde pero tamén máis humano.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que o seu grupo votará a favor da declaración, e fai súas as declaracións da voceira de C's no senso de agradecer o seu esforzo a tódalas persoas que dende diferentes fronteas están a loitar en primeira liña contra a pandemia. En todo caso, cre que o loito oficial debería ser por todas as vítimas e falecidos nese período, porque como se indicaba na proposta da Presidencia as

circunstancias impediron velar aos falecidos como é debido, e non só aos falecidos por coronavirus.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO**, fai súas tamén as palabras da Sra. Lama Novoa. Di que esta situación amosa as debilidades do ser humano, e sabemos que nos temos que enfrontar a tempos difíciles nos que teremos que facer un maior esforzo, pero dende aquí quere mandar unha mensaxe de esperanza, porque a vida ábrese sempre camiño, e non atopou mellor maneira de expresar este sentimento que un versos de Pablo Neruda, do poema *Oda a la vida*, no que se di o seguinte:

*La noche entera  
con un hacha  
me ha golpeado el dolor,  
pero el sueño  
pasó lavando como un agua oscura  
piedras ensangrentadas.  
Hoy de nuevo estoy vivo.  
De nuevo  
te levanto,  
vida,  
sobre mis hombros.*

*Oh vida, copa clara,  
de pronto  
te llenas  
de agua sucia,  
de vino muerto,  
de agonía, de pérdidas,  
de sobrecogedoras telarañas,  
y muchos creen  
que ese color de infierno  
guardarás para siempre.*

*No es cierto.*

*Pasa una noche lenta,  
pasa un solo minuto  
y todo cambia.*

*Se llena  
de transparencia  
la copa de la vida.  
El trabajo espacioso  
nos espera.*

*De un solo golpe nacen las palomas.*

*Se establece la luz sobre la tierra.*

O **Sr. Caride Domínguez** remata a súa intervención manifestando o seu desexo de que, como se di nos versos de Neruda, a copa da vida volva a encherse pronto de transparencia e podamos regresar o antes posible á bendita normalidade das nosas vidas.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista**, di que comparte as palabras dos voceiros do resto de grupos, de solidariedade coa dor de toda a sociedade, e di de toda a sociedade para abranguer a tódalas persoas que están padecendo ou dende distintas fronteas estamos para axudar ante esta situación. Di que a situación que máis mágoa lle produce é a das persoas que están nas UCI, moitas veces soas nunha habitación, e as dificultades para atendelas que está a padecer o persoal sanitario leva a circunstancias terribles, coas persoas finando solas e as súas familias esperando fóra, sen poder celebrar o loito, e pasando por unha situación descoñecida e trágica na que todos temos que facer algo para tentar mudar isto no futuro, e vai ser necesaria moita axuda, que xa é necesaria agora pero o será tamén no futuro, por exemplo polo nivel de estrés que está a padecer o persoal sanitario, non unicamente pero tamén alí. Dito isto, cre que hai razóns que levan a matizar a proposta que aquí se fai, na que o seu grupo non quere polemizar, porque entende que é unha proposta que se fai dende un fondo pesar; pero cre, en primeiro lugar, que esta proposta se debería ter consultado previamente co resto dos grupos políticos, e non traela a aprobación unha vez xa materializada, porque dende fai xa un mes as bandeiras xa ondean a media hasta. Tamén cre que esta medida debería terse consensuado coa Xunta e co Estado e as demais

administracións públicas, e non presentala como unha iniciativa unilateral, porque cre que o espírito de cooperación debe presidir o noso traballo. Sen ánimo de polemizar, cre tamén que hai que facer fincapé en determinados erros cometidos dende o punto de vista das normas de protocolo. Un primeiro erro é que o loito oficial debe declararse unha vez que remata o suceso luctuoso ao que obedece, non durante este suceso, e as cousas hai que facelas cando procede, e iso leva a unha incoherencia do que se formula aquí, porque aquí dícese que o loito oficial debe durar ata que remate a pandemia, e a pregunta é, cando remata a pandemia? , e por iso o protocolo di que ten que ser cando rematen as traxedias cando se fagan eses actos de honra, e establece que deben ser un, dous, tres, cinco ou sete días, e por isto considera que sería máis acaído declarar o loito oficial cando se declarase oficialmente pechada a pandemia, e hai tamén outra irregularidade, que é que na proposta de acordo se di que as bandeiras ondeen a media hasta, e o protocolo di que deben ondear así as bandeiras que están baixo a autoridade do órgano que declara o loito, e polo tanto a bandeira provincial sen ningunha dúbida, pero a bandeira do Estado ou a da Comunidade Autónoma ou a da Unión Europea non deberían estar suxeitas a unha orde como esta. Polo tanto, a proposta que se formula non é correcta dende o punto de vista do protocolo, pero insiste en que non van polemizar con isto, nin sequera se van opoñer, pero si queren que quede constancia de que as cousas hai que facelas seguindo as normas establecidas ao respecto, porque non ten sentido protocolario – aínda que teña sentido humano – declarar un loito por unha traxedia que aínda non rematou, sen un prazo determinado e sen contar co resto de autoridades públicas. Cre que hai que facer un gran acto de loito oficial cando remate a pandemia, con todos, e polo tempo e o espazo que acorden o conxunto das autoridade públicas. Por todo o exposto, anuncia a súa abstención.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** únese tamén ás palabras da Sra. Lama Novoa en solidariedade coas vítimas e os seus familiares, e tamén cos dos falecidos nestes días por causas diferentes ao coronavirus, como dixo o Sr. Varela López, dado que tampouco estes tiveron sequera a oportunidade de facer sequera un enterro como é debido. Igualmente, quere expresar o seu agradecemento e o do seu grupo aos membros das forzas e corpos de seguridade, ao persoal sanitario e a tódalas persoas que seguen a prestarnos servizos e a facernos a vida un pouco máis doada aos demais. Entrando ao punto da orde do día, di que o goberno provincial xa recoñeceu a dor polas vítimas do COVID coa colocación das bandeiras a media hasta, porque hai máis de 23.800 falecidos en España, 547 en Galicia e 112 en Ourense, aínda que por desgraza a esta hora probablemente xa sexan máis. Subliña

que se trata dun drama colectivo nunha situación excepcional que nunca se vivira anteriormente, incluído o estado de alarma no que nos atopamos. Cre que nesta situación é unha obriga moral que neste pleno se declare o loito oficial, máxime se se teñen en conta as difíciles circunstancias nas que se realizaron os enterramentos, nun recoñecemento expreso ás familias e amigos das vítimas que viviron momentos tan duros, e pregúntase que menos podemos facer nestas circunstancias. Como se di na proposta, con este xesto simbólico honramos a memoria dos que nos deixaron, ao tempo que expresamos o noso compromiso en defensa da vida e da dignidade, e, formalismos aparte, non lle parece xustificable que o Goberno da Nación aínda non decretase o loito nacional cando en situacións de menos gravidade si se fixo. Que máis ten que pasar? Nós si o declaramos hoxe.

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** dille ao portavoz socialista que en tempos excepcionais temos que ser excepcionais, e pregúntalle a quen pensa que lle preocupa o protocolo despois de máis de 23.000 falecidos neste país. Di que o propio Sr. Rodríguez Villarino dixo no seu discurso que compartía a declaración de loito dende o punto de vista humano, e o que temos que ser hoxe é humanos, non políticos, o protocolo non é o importante, o importante son os falecidos e os seus familiares e amigos, aos que cre que non lles vai agradar o seu discurso en ningún aspecto.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista** di que non vai polemizar, pero tampouco vai tolerar que ninguén o acuse aquí de non estar coa dor das familias, e considera que iso é unha cousa moi baixa por parte da Sra. Lama Novoa, que non debe confundirse coa rectitude das normas, porque as normas cando se fan e teñen valor é porque teñen un sentido, e hoxe ese sentido pérdese se alguén ataca a un compañeiro porque cre que a súa dor non é a mesma, e dille que ela non sabe cal é a súa dor nin o seu sentimento nin o que comparte nin o que fai. Di que o único que defende é que a declaración de loito non debe declararse de forma unilateral, sen contar co resto de autoridades públicas, e debe facerse cando debe facerse, que non é cando o considere de xeito unipersoal alguén senón cando o conxunto das administracións públicas toman esa decisión, e hai unhas normas para facer iso. Engade que tódolos días hai manifestacións espontáneas en solidariedade coas vítimas ás que el se suma e ás que se suma todo o mundo, e unha cousa é a espontaneidade e a dor, que non entende de protocolos, e outra son as normas, e ese gran acto de honra que ten que haber para as vítimas está marcado claramente, non neste país, senón no mundo enteiro, e



por iso unha proposta como a de hoxe non encaixa, porque viola as normas, non ten data de fin e toma decisións sobre os símbolos doutras institucións sen contar con elas, e iso non pode ser, porque non se poden asumir atribucións que non corresponden. A dor e independente do protocolo, pero o protocolo, que é o que vimos aprobar hoxe aquí, ten unhas normas, e o que non se pode é ser populista e vir ao pleno a sementar maledicencias sobre unha persoa que está a dicir que non vai a opoñerse, pero que polas faltas formais da proposta (que no fondo poderían significar outras cousas nas que non vai polemizar) esta perde lexitimidade, cando menos formal, e por iso se vai abster. Di que el non dubida dos sentimentos de ninguén aquí, pero pídelle á Sra. Lama que non opine sobre os seus nin tome a opinión de ningunha vítima sobre o que poidan pensar del, e que sexa minimamente leal, altruísta e formal, xa que representa, supostamente, aos que a votaron.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 1º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e con 16 votos a favor (PP, DO, BNG e C's) e 9 abstencións (PSdG – PSOE) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Declarar o loito oficial na provincia de Ourense pola vítimas do coronavirus COVID 19, con efectos dende o día da data e ata o cese da pandemia na provincia.

Durante este período, as bandeiras oficiais nas institucións provinciais ondearán a media hasta, e lucirán crespóns negros en sinal de loito.

## **2º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE 2019.**

De acordo cos artigos 193.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2002, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990 dáselle conta ao Pleno da resolución da Presidencia de liquidación do orzamento da Deputación de 2019.

A Corporación queda informada.

## **3º.- CONVALIDACIÓN DO DECRETO DA PESIDENCIA N.º 2020/2813, DO 17 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N.º 2/2020, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2020.**

A **Sra. Interventora** expón o contido da proposta de acordo da Presidencia.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que se trata dun suplemento de crédito e crédito extraordinario de 1,7 millóns de euros, dos que 400.000 euros son para compra de material sanitario, o que se parece unha magnífica idea; 150.000 euros son para o programa Benourense Veciñ@s, o que lle parece un moi bo programa, pero cunha achega insuficiente, cunha media de só 1.400 euros por concello para realizar medidas contra o COVID, e certamente menos é nada pero esta segura de que esta axuda será o principio de grandes programas económicos de cooperación cos concellos, cando o Ministerio de Facenda o permita e levante ese teito de gasto; 450.000 euros van para axudas ás familias máis vulnerables, e tamén é unha boa iniciativa, e entende que dalgunha maneira quedará escasa por desgraza e espera que no futuro se doten maiores partidas, engadindo que necesitamos un coñecemento real das necesidades da provincia e agarda que a Deputación traballe conxuntamente cos servizos sociais municipais e coas ONG e axentes sociais para coñecer a situación que se está a vivir. Anuncia o seu voto a favor.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que entende que esta foi a primeira modificación que se levou a cabo e que por iso realizouse con certa presa, o que fai que haxa cousas coas que está de acordo pero outras, por desgraza, nas que non. Esta de acordo coa partida de teleasistencia, porque ante a situación de confinamento é necesario reforzar este servizo. No que se refire ao reforzamento do SAF aquí ten que dicir que a experiencia no Concello de Allariz é que moitas persoas pediron a baixa no servizo, dunha banda porque por temor a contaxios non queren que acudan persoas alleas á familia aos domicilios e por outra porque ao estar confinados as propias familias se encargan de atender aos seus familiares usuarios do servizo, e polo tanto cre que estas axudas deberían reorientarse; incluso lle pediría á Deputación que solicite á Xunta de Galicia que non minoren as axudas que xa tiñan os concellos, isto é: os concellos seguen a ter no cadro de persoa ás traballadoras de axuda no fogar, pero estas fan menos horas polas baixas dos usuarios, que ademais deixan de pagar as taxas, e polo tanto os concellos manteñen o gasto pero perden ingresos neste concepto. Indo a outras partidas, está de acordo en que se faga gasto en adquisición de material sanitario, pero tamén pediría unha coordinación, e dende o seu concello solicitaron á Consellería de Sanidade que lles indicase as pautas a seguir na reparto

deste material, porque o que estamos a ver cada día é que estamos todos a facer a guerra pola nosa conta, sen que se saiba ben se o que estamos a facer é o indicado ou é contraproducente, porque temos visto incluso o reparto a domicilio de máscaras de cara por parte de membros das corporacións locais, e dubida que iso sexa o máis razoable dende o punto de vista sanitario, posto que ninguén garante que esa persoas non estean en risco de ter o virus, e ademais se reparte casa por casa a xente de risco como son as persoas maiores, e por tanto a Consellería debería dar pautas ao respecto, por exemplo, que se repartisen as máscaras dende as farmacias cando remate o confinamento, porque tampouco parece moi acaído ter máscaras de cara para estar na casa. En todo caso, espera que se distribúa correctamente este material, que na situación que ven será necesario e non chegará nin esta partida nin o que están a poñer os concellos para este fin. En canto a programa Benourense Veciñ@s, cre que a Sra. Lama foi moi ben intencionada, e di que sendo necesario este programa, a contía de 150.000 euros non deixa de ser ridícula, porque estamos a falar de 1.300 euros para os concellos máis grandes e 1.800 para os pequenos, o que tamén é algo a discutir, porque loxicamente a crise do COVID vai ter maior impacto onde hai máis poboación, porque por unha cuestión de dinamismo económico o paro de incrementa moito máis nas vilas que nos pobos pequenos. Con respecto ao programa Comerciou, cre que esta iniciativa se debería ter trasladado a través dos traballadores sociais dos concellos, xa que son eles os que van ter que facer ese informe, porque eles coñecen a realidade social casa por casa, e mesmo o grao de responsabilidade co que as persoas beneficiarias van usar eses fondos. Con respecto á liña de axudas que prestan servizos sociais, cre que debería distribuírse os fondos con criterios obxectivos, sen discutir que as entidades ás que se dan estas subvencións fan un labor moi importante. Anuncia a súa abstención.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO** di que se trata de convalidar unha modificación xa aprobada directamente por decreto pola Presidencia ao abeiro dun procedemento excepcional habilitado polo Real Decreto Lei 11/2020 para poder destinar ata o 20 % do superávit a política de gasto 23, é dicir, gasto social, e isto ten como consecuencia dúas cuestións: a primeira, este debate non ten efecto xurídico, e a súa función é simplemente manifestar a opinión dos grupos ao respecto da moción; pero tamén quere facer un apuntamento sobre unha cuestión, e é que cando agardábamos unha nova prórroga da disposición adicional 6ª da Lei orgánica de estabilidade financeira, é dicir, a apertura de man para a utilización do remanente e o superávit, xa non só para investimentos sostibles senón

tamén para gasto social vemos que hai restricións, e aquí entramos certamente en pánico nas administracións locais, porque existe a posibilidade de que non se nos permita utilizar os remanentes acumulados, o que estragaría tanto a posibilidade de realización de proxectos políticos de investimentos senón tamén a de ampliar os programas de axudas. Pide ao Sr. Presidente que, dende as súas responsabilidades na Xunta de Goberno da FEMP, se insista neste tema para que o aforro das entidades locais que tanto costou obter e se produciu por unha lexislación altamente restritiva en materia orzamentaria non se estrague agora polas necesidades de financiamento que poida ter o Goberno central, porque é a administración local a máis próxima ao cidadán e a que mellor pode atender esas necesidades sociais. Con respecto á modificación orzamentaria, o primeiro que hai que advertir é que está limitada á cantidade de 1,7 millóns de euros precisamente polo Real Decreto Lei 11/2020, que a limita ao 20 % do superávit. En canto ao seu contido, enumera as partidas que inclúe, e cre que é unha distribución correcta, á marxe do sempiterno problema da contía, que como dixó está limitada polo Real Decreto Lei 11/2020, e dio que a quen lle toca xestionar esta crise é ao grupo de goberno, e sabe pola experiencia do concello de Ourense que nestes intres todo son demandas, de todo tipo, e cre que hai que concederlle o beneficio da dúbida ao goberno provincial, estimando que todas as partidas responden a finalidades cuxa necesidade é evidente.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia o voto favorable do seu grupo a esta proposta, e di que cre que estamos nun novo tempo no que ante todo debe primar a cooperación entre tódolos grupos, e o que botan en falla é que non se consultara antes esta proposta, á marxe de que nalgúns aspectos semelle acertada e concorda incluso con algunhas das medidas que o seu grupo solicitou e propuxo xa nun escrito de 27 de marzo, ao que nin sequera se deu resposta, e iso é o que debe cambiar, porque cren que como grupo de oposición teñen dereito a participar e a ter resposta, e son conscientes de que era difícil ter reunións presenciais, pero se podían ter intentado reunións telemáticas como se feito realiza o propio goberno provincial. O que si teñen son algunhas preguntas e algunhas coincidencias, por exemplo, no relativo á teleasistencia o seu grupo propuña 300.000 euros e aquí figuran 150.000, pero tamén é certo que no que se refire ao SAF os seus cálculos eran que bastaban 150.000 e aquí se prevén 250.000, e son cuestións valorativas pero non deben dar lugar ao debate. En cambio, si teñen dúbidas nalgunha cuestión, por exemplo, no material sanitario, nestes 400.000 euros que se prevén, gustaríalle saber que material se vai adquirir,

como se vai distribuír e se están redactadas unhas bases reguladoras para o efecto ou que sistema se vai utilizar. Con respecto ao programa Benourense Veciñ@s coincide con BNG e C's en que os fondos son escasos, aínda que o límite do 20 % de superávit está aí, pero en todo caso pregunta se as bases están listas e cando se aprobarán, e igualmente con respecto ás subvencións para entidades sen ánimo de lucro gustaríalle saber de que xeito se vai levar a práctica esta previsión.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que o seu ánimo nunca é o de polemizar, pero nestas circunstancias aínda menos, porque como dicía o Sr. Rodríguez Villarino é tempo de sumar, e non de entrar en liortas estériles que aos nosos veciños non lles importan nada. Lembra que esta modificación tramitouse ao abeiro do procedemento excepcional habilitado para o efecto, que está limitada ao 20 % do superávit e que debe destinarse a gasto social. Fai un resumo do contido da modificación de créditos, que considera unha importante inxección económica para a cooperación coas familias, cos colectivos máis vulnerables, co comercio local, coas entidades sen ánimo de lucro que prestan servizos sociais e cos concellos. Con respecto ao material sanitario para o que se destinan 400.000 euros, di que xa se entregou material ao posto de mando avanzado da Xunta de Galicia, que as distribúe entre os concellos conforme aos criterios fixados pola propia Xunta. Así, o 1 de abril entregáronse 1.000 máscaras de cara, doadas por Adolfo Domínguez, 40.000 luvas e 450 litros de xel desinfectante, e recentemente, o 28 de abril, entregáronse 40.000 máscaras máis, e quere deixar claro o agradecemento do goberno provincial a Adolfo Domínguez, a Lejías Sarmiento – que entregou tamén unha partida de lexía – e á Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME) e á Universidade de Vigo que, xuntamente con outras empresas da provincia entregounos en datas recentes 3.000 escudos faciais. A este respecto, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que non desapareceu ningún material, como afirmou o aludido, senón que simplemente a petición da subministración fíxose cando se fíxo e a entrega foi cando foi, e cre que dende o Negociado de Transparencia se lle contestou a tódalas preguntas que de forma reiterada veu facendo nestes días. Con respecto aos 450.000 euros para o programa ComerciOu, que xa está en execución, é un programa exprés de axudas para persoas de municipios de menos de 20.000 habitantes que pertencen a colectivos especialmente vulnerables na actual situación de estado de alarma, como programa ponte ata que estas persoas reciban axudas doutras administracións públicas. 300.000 euros son para subvencións a entidades que prestan servizos sociais, e veñen a complementar a outros

300.000 euros que xa se distribuíron a entidades como Cruz Vermella ou o Banco de Alimentos nunha recente Xunta de Goberno. 250.000 euros para o reforzo do SAF municipal, 150.000 para reforzo da teleasistencia (e nesta mesma semana remitírase a cada beneficiario un kit para facilitarlle o acceso ao servizo nas novas altas que demos, e agora mesmo hai 101 usuarios e, por comparar, na provincia de Pontevedra hai 20). 150.000 euros son para o programa Benourense Veciñ@s, para cubrir ata o 50 % dos gastos que os concellos destinen a cubrir necesidades da veciñanza no ano 2020, cubrindo un amplo abano de prestacións, e seguramente a dotación económica do programa é moi reducida, pero os recursos son os que son, o que si é un programa moi aberto para que cada concello no exercicio da súa autonomía o destine ao que estime conveniente. Di que a Área de Benestar da Deputación, con esta modificación, pasa dun orzamento de 2.540.000 euros a 3.270.000 euros, é dicir, hai un incremento do 52 % no orzamento para gasto social, con fondos propios, dos que se destinan a entidades locais 1.850.000 euros, a persoas 1.420.000 euros e a entidades sociais 600.000 euros, o que supón un incremento do 28% cara ás entidades locais, do 80 % de cara ás persoas e do 100% para entidades sociais, porque, como dixo o Sr. Presidente, é o momento das persoas e non das obras. Na seguinte intervención dará algúns datos sobre as residencias de maiores na provincia, que cre serán de interese.

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que está segura de que este goberno provincial, e calquera outro goberno deste país, estará á altura das circunstancias, porque é o momento de poñer en valor o noso lado humano e aparcar a confrontación política.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que xa que o voceiro do PP fixo unha comparación con outras provincias, podemos facer comparativas, e por exemplo a Deputación de Pontevedra sacou estes días unha liña de axudas ás familias a través dos concellos por importe de 1.270.000 euros, que se suman aos 465.000 que xa tiñan e que levan a que cada concello reciba un mínimo de 12.700 euros; e xa por non comparar coa Deputación da Coruña, porque onte o vicepresidente da FEGAMP e alcalde de San Sadurniño comentáballe que o seu concello, de 2.800 habitantes, recibirá 250.000 euros só para o COVID 19 e 31.000 euros para material, e xa sabemos que nós non somos a Deputación da Coruña, pero como lle dixo o presidente desta Deputación ao presidente do Goberno hai uns días, máis axuda, máis coordinación e menos propaganda, vale, pois a partir de aí apliquémonos o conto, e quere pensar que estes 150.000 euros sexan só un punto de partida,

porque a moitos concellos non lles fai falta ir a marzo de 2012 para aplicalos, dado que a semana pasada no concello de Allariz gastáronse máis de 1.000 euros en alimentación. Polo tanto, espera que eses 30 millóns de euros que nos quedan, cando se poidan gastar, e espera que como dixo o Sr. Caride o Goberno abra a man nese senso, porque é de xustiza, se distribúan axudas á xente e se faga a través dos concellos. Con respecto aos 450.000 euros do Comercio di que si, son ao comercio local, pero con certas limitacións, porque ao facerse a través dunha tarxeta esixen a presenza dun TPV, e moitas das pequenas tendas dos nosos pobos non dispoñen deses medios, aínda que terán que facelo na nova realidade que nos agarda, e logo dende os servizos sociais trasladáronlle que vai ser moi complicado controlar o uso que se faga deses 100 euros mensuais durante tres meses, porque poden usarse en calquera TPV, e cre que de novo pecamos de falla de confianza nos servizos sociais municipais. Polo demais, están de acordo nalgunhas partidas, pero piden que no futuro a cooperación se reoriente non senso apuntado no seu discurso.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista**, insiste nas súas preguntas ao voceiro do Grupo Popular en canto a que material sanitario se vai adquirir e se están a redactar unhas bases reguladoras ou cal é o criterio para repartilo entre os concellos, e sen ánimo de polemizar dille que se o seu grupo fixo esas preguntas foi porque non tiñan información, e de feito acaban de saber esta mañá que esas 1.000 primeiras máscaras nin sequera formaban parte da compra feita pola Deputación, e nun primeiro momento moitos concellos estaban nunha situación moi comprometida e tiveron que saír adiante sen axuda de ninguén ao principio e logo coa axuda do Estado a través da Xunta; por poñer algún exemplo, o concello do Carballiño mercou 5000 máscaras pola súa conta, Maside 2.500, Laza 2.112, Parada do Sil 1.100, e así sucesivamente, e A Pobra de Trives, O Barco e Xinzo mercaron equipo de ozono para desinfección de vehículos e locais, incluso os centros de saúde que son do SERGAS, e todos eles recorreron aos seus propios medios, como puideron, para a limpeza e desinfección de mobiliario urbano e espazos públicos, e todo isto o fixeron cos seus propios recursos e botaron en falla a axuda da Deputación Provincial, botaron en falla incluso unha chamada, e esa é unha cuestión que lle trasladaron, e a única achega da administración provincial foi remitir o camión de desinfección de que dispoñen, aplicando o prezo público establecido, que cre que son 170 euros ou 175. De aí a pregunta sobre o destino do material sanitario, se se lle vai entregar á Xunta novamente, que ao mellor é obrigatorio facelo, non o sabe, pero en todo caso a Deputación debe achegar medios aos concellos para axudarlles. En

canto ás residencias de maiores, di que o 44 % dos casos, dos grandes focos, de toda Galicia, déronse en Ourense, e curiosamente en Lugo hai cero focos cos datos da Xunta, e estamos por riba de Coruña e Pontevedra, e polo tanto algo pasa, e gustaríalle saber que pode dicir ao respecto porque é moi importante para todos.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Varela que non se poden comparar os orzamentos de Coruña e Pontevedra cos de Ourense, e incluso o número de concellos, porque cre que en Pontevedra hai 62 e en Lugo 69, e nós temos 92 e iso tamén inflúe, e hai distintas liñas de goberno, todas respectables; e con respecto a esas axudas das que fala do COVID, dálle a impresión de que nalgún caso esas axudas engrósanse con fondos que en exercicios anteriores se destinaban a outros fins. Di que o goberno provincial si confía nos servizos sociais municipais, e de feito no programa Comerciou, na teleasistencia e no SAF a tramitación faise a través deses servizos, e non descarta que poida haber algunha picaresca nesas axudas, pero é que houbo que relaxar algo os controis, porque as necesidades son de xa, non poden demorarse un mes nin dous. Con respecto á pregunta do Sr. Villarino en canto ao reparto do material sanitario, di que nesta casa o destino dese material é dobre: dunha banda, os propios servizos da Deputación, e o resto entrégase á Xunta, que é a que distribúe aos concellos, e dese xeito onte entregáronse 40.000 máscaras á Xunta e cre que xa onte e hoxe se está comunicando aos concellos por correo electrónico a entrega, e esta é a liña seguida. En canto ás chamadas telefónicas, di que el atendeu por teléfono ao varios alcaldes do PSOE, e o Sr. Presidente cónstalle que atendeu a bastantes máis. Con respecto ao das residencias de maiores, di que Ourense é a provincia galega cun maior número de prazas por cada 100 habitantes, en concreto 5,7, cando a media de España é de 4,1 e a de Galicia de 3,1; Galicia ten 321 residencias, e desas Ourense ten 131, é dicir, o 41 %, con 5691 prazas; e somos a provincia co maior número de persoas maiores de 65 anos, o 31 % da poboación, só nos segue Zamora co 30 %. Entende que estes datos explican moitas cousas e o peculiar contexto desta crise en Ourense, e por outra banda cre que non se pode acusar á Xunta de facelo mal en Ourense e ao mesmo tempo dicir que en Lugo – que tamén é a Xunta a que actúa nese ámbito – non pasa nada, porque a Xunta actúa igual en ámbolos dous sitios, e polo tanto a explicación ten que estar noutra parte.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 3º](#)



Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e con 24 votos a favor (PP, DO, PSOE e C's) e 1 abstención (BNG) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Convalidar a resolución da Presidencia nº 2020/2813, de 17 de abril, de aprobación da modificación orzamentaria nº 2/2020, de crédito extraordinario e suplemento de crédito, dos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2020.

2º) Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia do contido íntegro da resolución convalidada.

#### **4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N.º 3/2020, DE BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS, SUPLEMENTO DE CRÉDITOS E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2020.-**

A Sra. Interventora expón brevemente o contido da proposición da Presidencia.

Seguidamente ábrese o debate producíndose as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que estamos a falar dun expediente cunha modificación do orzamento de 8.214.327,50 €, e tras o estudo do expediente dividiuno en dúas partes: unha, gasto para o COVID 19, 6.073.000 euros, no que inclúe o plan de empregabilidade, posto que, como se falará, prevese un incremento da subvención aos concellos ata 40.000 euros debido á pandemia, e destes, 3.275.000 euros son para axudas a autónomos, e tras estudar o informe do Observatorio Económico quédalle a dúbida de cal será a axuda exacta que van ter eses autónomos, porque se prevé que sexa para autónomos de concellos de menos de 20.000 habitantes, o que é lóxico porque ademais o concello de Ourense anunciou pola súa banda unha liña de axudas para este colectivo, pero a dúbida que xurde é se eses cartos serán suficientes ou será necesario no futuro ampliar esas axudas; por outra banda, vanse aprobar 50.000 euros para unha plataforma de venda on line, o que lle parece unha idea extraordinaria, un Amazon ourensán, e cre que nestes días estase a percibir nas redes sociais como todas a veciñanza está empeñada en salvar ao noso comercio; no caso da empregabilidade, dóblase á axuda aos concellos, cunha dotación adicional de 1,8 millóns; hai tamén unha liña de axuda para as persoas que están nun ERTE, de 350.000 euros, e tamén 550.000 euros para as pequenas empresas da nosa provincia, e entende que estas axudas poderá ir ampliándose

sempre e cando o Goberno levante a man; a outra parte do expediente son 2.141.327,50 euros onde hai unha porcentaxe para acción social, para entidades como Aspanas e outras da provincia, o que considera primordial, pero tamén considera que antes de repartir investimento para obras deberíamos agardar a coñecer a magnitude da problemática, é dicir: non considera que se teñan que paralizar os investimentos planificados polo goberno provincial, pero si que habería que coñecer antes cal é a situación creada pola pandemia e despois, coñecida a situación, priorizar as necesidades.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do grupo do BNG**, di que en efecto, da dispoñibilidade orzamentaria que temos unha parte importante, en torno ao 25 %, vaise a obras, e aí xurden as dúbidas, máxime cando o propio presidente dixo que había que dar prioridade ás persoas antes que ás obras, e por exemplo hai unha partida de 1.125.000 euros para o centro galego de innovación de FP, e supón que isto obedece a algún tipo de compromiso coa Xunta, e xa tiñamos comprometido 1,5 millóns máis para isto, e cre que isto se podería ter negociado coa Xunta cando nin sequera está adxudicada a obra. E ao mesmo tempo temos 130.000 euros para os acceso para o centro médico da Rúa, 175.000 en Porqueira para unha residencia da terceira idade, 125.000 euros para o mesmo fin en Trasmiras e no Riós 125.000 para un centro de día, e cre que por exemplo temos que sentarnos para falar o tema das residencias, porque o COVID amosou que algo está a fallar neste tema, e hai informes do Consello de Contas de Galicia ao respecto de anos anteriores que ían na mesma liña, e cre que como sociedade temos que darlle unha volta a como atendemos aos nosos maiores. No aspecto da empregabilidade, é evidente que tódolos concellos van agradecer eses 20.000 euros adicionais, pero volve a insistir en que 20.000 euros deberían ser a base para o concello máis pequeno, pero a partir de aí debería haber un reparto equitativo con criterios obxectivos, porque non ten moita lóxica que un concello con 8 parados reciba 20.000 euros e un con 500 parados reciba a mesma cantidade. Chama a atención a partida de 31.000 euros para a limpeza do Pazo Provincial, aínda que supón que é polas novas condicións que implica a pandemia. Con respecto ás axudas para autónomos, di que botou as contas e na provincia hai 23.300 autónomos, dos que 15.900 realizan a súa actividade en municipios de menos de 20.000 habitantes, co que, a nada que a metade pediran as axudas, estas quedarían en torno aos 400 euros, e cre que debería reclamarse que a Xunta de Galicia axudase neste tema, porque con este cartos a axuda será insuficiente. E temos tamén as 14.000 persoas en ERTE na provincia o mes pasado, que por desgraza serán máis

este mes, máis 900 parados adicionais, o que nos da unhas 15.000 persoas, e se só 7.000 deles piden estas axudas estaríamos a falar de 50 euros por traballador, e en moitos casos nin lles pagará a pena facer a tramitación. Logo temos un pequeno *totum revolutum* nesta modificación, incluso ven un tema de Carballeda de Avia de protección civil, e logo unha serie de axudas que suman en total 250.000 euros a distintas entidades, algunhas das cales nin as coñecía, e nalgúns casos cun fin concreto, como é a axuda á Federación de Comercio para o portal on – line do comercio ourensán, que pode ser interesante aínda que é un tema que debe coordinarse e estudarse debidamente, pero por outra banda hai outras que xa son recorrentes, como os 75.000 euros da Confederación de Empresarios e cre que habería que darlle unha volta. En resposta ao manifestado anteriormente polo Sr. Álvarez Dobaño, di que a Deputación de Lugo acaba de aprobar 21,3 millóns de euros no plan único, e que o concello máis pequeno, Negueira de Muñiz, con 250 habitantes, levará 192.000 euros, e aínda que Ourense teña máis concellos nós deberíamos ser capaces de ter algo semellante.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO,** entende que o esquema desta modificación comprende, dunha banda, un reaxuste de prioridades por parte do goberno provincial, mediante a redución de partidas que non se consideran imprescindibles ou que non poderán executarse, reorientando eses fondos cara á recuperación económica ante a crise, e doutra banda unha serie de suplementos de crédito con cargo ao remanente de tesourería que van destinados en esencia a acción social, e observa que se produce o eterno debate en canto á contía destes fondos, pero non en canto á súa orientación a axudas tanto directas como estruturais. Comenta a este respecto que o Concello de Ourense está a ultimar as bases para as axudas a autónomos e pequenas empresas, e que dado o seu maior remanente esas axudas terán un maior importe que no caso da Deputación, pero en todo caso é unha axuda que resulta necesaria. En canto a outras finalidades, como a partida para o portal on line do comercio local, cre que é positivo e que o investimento en innovación tecnolóxica é unha necesidade para afrontar esta crise. Con respecto á partida para limpeza do Pazo, entende que hai medidas adicionais de prevención e limpeza que deben adoptarse e non están de máis. Insiste no temor xa manifestado nunha intervención anterior en canto á posible perda do remanente de tesourería das entidades locais polas necesidades de financiamento do Goberno central, e a necesidade de adoptar unha postura política firme ao respecto para que ese aforro se poida utilizar agora, cando máis o precisamos, porque se non mal imos; e ao mesmo tempo, é preciso ser prudentes, porque vai haber no futuro próximo unha forte redución dos ingresos

das entidades locais como consecuencia da crise, e a administración terá que seguir funcionando, e polo tanto haberá que saber nadar e gardar a roupa.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista**, di que co control de tempos implantado nesta sesión en puntos como este é necesario sintetizar moito, en oito minutos, todo o que habería que dicir, e pide ao Sr. Presidente se é posible ampliar eses tempos, en todo caso vai tentar de expoñer a súa posición nese tempo. Reitera a disposición do seu grupo a colaborar co goberno, pero para isto sería preciso que se integrasen nun grupo de traballo de toda a Corporación con ese fin. Con respecto á anulación de créditos, di que non está de acordo coa redución de 300.000 euros no servizo de recollida de lixo, porque é un servizo esencial e debe manterse, máis nestes tempos nos que SOGAMA ten informado dun incremento na produción de lixo. Con respecto ao Centro Galego de Innovación da FP, á marxe de ser unha competencia impropia, o certo é que a Deputación vaise facer cargo do custe do 66 % desta infraestrutura, e ademais unha infraestrutura que dirixe a Xunta, que encarga o proxecto a un estudo da Coruña e que vai executar unha construtora de Pontevedra, e ademais isto vaise executar en 12 – 14 meses, e ao mellor debería adiarse isto en beneficio doutras necesidades, que as hai e moitas. No que se refire á inversión para os accesos ao centro de saúde da Rúa, e di que eses terreos ían desenvolverse en 2013 mediante o sistema de compensación, e como non puideron executarse cambio ao sistema de cooperación, co que hai que preguntarse se eses cartos son un préstamo que se vai devolver á Deputación, porque ese custe ao final terán que aboalo os titulares dos terreos. Dálle a benvinda ao aumento no plan de empregabilidade, porque é algo que o seu grupo propuxo no seu día, sen prexuízo de que cre que a distribución non é a correcta e que habería que darlle a cada un o que precisa, e non a todos o mesmo. No caso do plan de emprego xuvenil o seu grupo propuña un aumento de 549.000 euros, e aquí auméntase en 114.000 só. No que se refire a Carballeda de Avia, non é unha axuda extemporánea, senón unha indemnización dos lumes de fai dous anos, e máis vale tarde que nunca, aínda que é ben tarde. Na parte de acción social hai varias cuestións: a primeira, o número de ERTE's roldan os 4.000 en canto empresas, uns 800 euros por empresa, pero o número de traballadores afectados multiplica por catro esa cifra, e en cambio pasamos de 3.275.000 euros para autónomos a 350.000 euros para os traballadores, e se a iso lle engadimos as persoas en risco de exclusión social, os fixos descontínuos e os 900 parados que sinalaba o Sr. Varela, que serán máis, e as persoas na economía mergullada, que non terán ningún tipo de subsidio, a contía de 350.000 euros é insignificante, e non tocarían nin a 20

euros, polo que esa cantidade habería que aumentala e habería que estendela a todo ese colectivo que é moitísimo máis amplo que o dos autónomos, e autónomos si, pero os demais tamén, porque despois veñen as pequenas empresas que reciben máis que todo o colectivo do que está a falar, de máis de 17.000 persoas. Botan en falta ademais, que o solicitarán, un informe de Secretaría sobre estas axudas, porque non vaia ser que logo sexan ademais incompatibles coas que vaia dar a Xunta e o Estado, e as bases, que aínda non están feitas, deberían asegurar isto, non vaia ser que logo a xente teña que devolver eses cartos e con xuros. Por iso eles falaban na súa proposta de 6 millóns de euros para cubrir todo este abano, que a día de hoxe son tamén insuficientes, e lembra que quedan 30 millóns para poder dispoñer deles. Por último, non lle parece defendible que lle paguemos a luz a Porqueira, un concello ao que se lle deu un millón de euros hai un ano para construír unha residencia, que se amplía agora con outros 125 ou 175.000, e ademais pagámoslle a luz.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, subliña o carácter excepcional desta modificación como consecuencia da pandemia, o que motiva o recurso en parte á baixa por anulación de créditos para o seu financiamento, nun claro reaxuste de prioridades ante a crise, e destaca que ese reaxuste fíxose previos os informes dos xefes das áreas afectadas, no senso de que esas baixas non implicasen mingua na calidade dos servizos. Como dixo o presidente, a prioridade xa non está nas obras, senón no gasto social, como vimos facendo dende o minuto un desta pandemia, e na recuperación económica, axudando a que se volva crear riqueza e emprego, para que todo o mundo poida ter un salario digno e non depender da paguiña de quenda. E precisamente no ámbito económico recóllese a partida máis importante, de 3.275.000 euros para axudas directas aos autónomos, 350.000 para traballadores despedidos ou en ERTE e 550.000 para apoiar ás pequenas e medianas empresas. E a isto se engade o aumento no plan de empregabilidade, con 1.830.000 euros, 20.000 máis euros por concello e 10.000 na entidade menor de Berán, o que permitirá aos concellos que poidan contratar con total liberdades, incluso a autónomos. Coa mirada posta na reactivación da economía, tamén imos colaborar coa CEO con 75.000 euros, coa Asociación de Empresarios de Valdeorras, 30.000 euros, coa Asociación Empresarial de Profesionais e Autónomos de Ourense, 12.000 euros, coa Escola de Saúde Rural da Limia 28.000, coa Fundación de Discapacitados Psíquicos de Celanova 40.000, coa Federación de Comercio para a posta en marcha do portal on –line para o comercio de proximidade, 50.000, co Colexio de Economistas para abrir un portelo único de asesoramento a autónomos e pemes,

12.000 euros, ou tamén co Colexio de Enxeñeiros Informáticos de Galicia para explotar as posibilidades do teletraballo que tan bo resultado está dando nestes momento tan difícil, con 6.000 euros. Inclúese tamén a partida da que xa se falou de 83.000 euros para os danos que padeceu o concello de Carballeda de Avia con motivo da vaga de lumes de outubro de 2017, pero tamén noutros concellos, como o de Muíños, onde é el alcalde, e só se preveu esta axuda en Carballeda cumprindo un compromiso do Presidente co alcalde. Tamén se recollen – ao igual que na modificación 2/2020, tratada no punto anterior – iniciativas cun marcado carácter social, como os 130.000 euros para os accesos para o centro médico da Rúa (e xa se contestará no seu momento á pregunta que facía o Sr. Rodríguez Villarino sobre este asunto), 175.000 en Porqueira para unha residencia da terceira idade, 125.000 euros para o mesmo fin en Trasmiras e no Riós 125.000 para un centro de día, ao que se suman 48.000 euros para ASPANAS. E aínda máis, prevese tamén a achega de 1.125.000 para o Centro Galego de Innovación da FP, unha aposta de futuro do Sr. Presidente e un compromiso adquirido mediante convenio coa Xunta que debe cumprirse. Cre que o goberno provincial está a altura do que esixen estes difíciles momentos, nos que as persoas e o emprego deben pasar a primeiro termo, e nesa liña vai esta proposta, que espera sexa apoiada polo resto de grupos, nunha aposta pola provincia, os autónomos e as pemes, en definitiva, os que dinamizan economicamente o territorio, axudas contempladas coa filosofía da máxima axilidade e a menor burocracia posible, e que serán compatibles coas que establezan outras administracións públicas.

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía,** insiste ao portavoz do Grupo Popular en que non está en contra dos investimentos planificados, pero pide que se valore e avalía a nova situación creada ates de tomar decisión sobre cara a onde vai ata o último céntimo de euro desta institución, e neste senso cre que tal vez habería que centrar o esforzo nesta modificación na loita contra as consecuencias do COVID e máis adiante, cando se coñeza ben a situación social e económica da provincia, tomar a decisión sobre os investimentos. Con respecto ao tema das residencias de maiores que saíu no debate, di que dende a súa experiencia persoal cun familiar ingresado nun destes centros e que estivo hospitalizado durante a pandemia, o trato na residencia foi perfecto, adoptando sempre tódalas medidas de seguridade precisas, e cre que non se debe agora criticar á dirección ou á xerencia destas residencias, máis aló de que poida haber algún problema puntual nalgunha residencia, eloxiando en todo caso o labor e o esforzo do persoal

dos xeriátricos, que actuaron como verdadeiros escudos fronte ao virus. Anuncia o seu voto a favor da proposta.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que cre que ninguén criminalizou ás residencias de maiores, pero si é certo que houbo problemas, e o propio responsable designado pola Xunta nunha residencia do Barco manifestou que había cousas que non funcionaron como era debido, polo que é un tema que debe abordarse. Insiste en que a partida de 350.000 euros para os traballadores afectados por ERTE é insuficiente, e cre que debería evitarse a fragmentación das liñas de axuda, e optar en cambio por centralas, por exemplo, coa liña do Comercio, que en última instancia vai á mesma finalidade, atender a persoas que necesitan esa axuda, que poderían xestionarse dende os servizos municipais cos criterios obxectivos que marque a Deputación. Con respecto aos 252.000 euros de axudas a distintas entidades, a posición do BNG é coñecida, establecer criterios obxectivos de reparto, e para proxectos claros, e seguramente estas entidades merecen a axuda que se lles da, pero hai moitas outras que seguramente tamén. Dille ao Sr. Caride que non é que estea preocupado polo futuro económico dos concellos, é que está preocupadísimo, porque é evidente que as transferencias do Estado e da Xunta van caer, e cre que por iso é imprescindible facer unha programación clara dos fondos de cooperación cos que van contar os concellos en 2021, como se fai nas outras tres deputacións galegas, e esta situación excepcional que estamos a vivir debería facernos reflexionar ao respecto, porque se ante esta situación non mudan as cousas, entón rompemos a baralla. Por último, fai unha petición, que xa trasladou ao voceiro do Grupo Popular, para que se permita que os 48.000 euros do Plan Provincial se poidan redirixir polos concellos a outras finalidades distintas das obras inicialmente previstas. Remata sinalando que o da subvención de Porqueira é rechamante, porque pasar dun investimento en iluminación, que se supuña sería para aforro enerxético, a pagarlle a factura da luz de 2016 a 2018, en fin, cre que as formas tamén son importantes e pregúntase por que o resto de concellos teñen que pagar o seu recibo da luz.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO**, di que ante a brevidade desta quenda vaise centra no problema do desemprego, e di que este problema non se pode resolver dende unha pequena administración local con recursos limitados, porque o problema esténdese no tempo, e o máis que se pode facer e dar algunha axuda puntual e paliativa nun determinado momento, tendo en conta ademais que a quen lle corresponde o subsidio de desemprego é ao Estado. A pregunta é: ¿que se debe subsidiar, o desemprego ou a

creación de emprego? E neste senso, insiste tamén en que os agoiro económicos son moi pesimistas, porque fálase dunha situación inédita, cunha caída de 8 puntos no PIB e un desemprego por enriba do 20 %, e neste escenario incluso un remanente de 30 millóns de euros non chega a nada, porque haberá que manter en funcionamento a maquinaria administrativa se queremos que sigan funcionando os servizos públicos; polo mesmo, advirte de novo do risco de que o Estado central teña a tentación de botar man dese remanente, porque estamos a falar dun total de 45.000 millóns de euros das administracións locais españolas depositados nos bancos, unha cantidade que, chegado o momento, o Goberno pode querer botarlle man en todo ou parte, porque son moitos os gastos que terá que afrontar o Goberno, como os ERTE's, a renda social básica, etc..., aclarando que con insto non quere tampouco botarlle a culpa ao Goberno, senón advertir fa gravidade da situación. Polo demais, anuncia o seu voto a favor desta proposta, porque cre que é viable e necesaria.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia a abstención do seu grupo, porque cre que esta proposta podía ser moi mellorable, aínda que entende que é unha proposta feita con boa vontade. Con respecto ao tema da Rúa, pide que se estude ese tema, porque é moi importante e se ese investimento o van pagar os propietarios ao final, entende que o lóxico é que o concello devolva no seu día eses cartos. Reitera a súa oposición ao modo en que se dotan as subvencións nominativas, que cre que en todo caso non debería ir nesta proposta, e claro que chama a atención o do Concello da Porqueira, porque é un concello moi mal xestionado, con mil euros de débeda por habitante, con pouco máis de 800 habitantes, que recibiu xa 1 millóns de euros para una residencia o ano pasado e agora 175.000 máis, e pagámoslle a luz, non ten moito sentido. Subliña a urxencia de que se elaboren canto antes as bases reguladoras das axudas sociais, porque se nada serve telas no orzamento se logo non se dan aprobado, e facemos esperar aos beneficiarios. Di que o Estado está a facer o seu labor, pero o Estado non chega, como non chegan o conxunto das administracións públicas, e o que é necesario é que a Unión Europea inxecte dous billóns de euros na nosa economía, e se non é quen de facer isto, entón Europa non existe, porque Europa sen España non existe. Á marxe disto, aínda quedan 30 millóns de euros, que tampouco son *peccata minuta*, e de algo poden servir, e pide que no sucesivo se mude a forma de tomar decisións nesta casa e se dea participación aos grupos políticos, aínda que os méritos ao final os levará quen goberna. Di que botan en falla tamén o apoio para os centros comerciais abertos, posto que non figuran en ningún sito. Di que teñen dúbidas verbo de dous



cambios en dúas subvencións, as dúas en Ribadavia, unha é á asociación cultural Liradavia, que pasa a ser nun caso a titular dunha axuda, e noutro caso é un cambio no edificio do investimento, que primeiro era a gardería e pasa a ser o CEIP Alameda en Ribadavia, e pide que lle aclaren o por que destes cambio. Di tamén que o seu grupo está de acordo coa axuda ao Colexio de Economistas para un portelo único, baratísimo, de 12.000 euros, e aínda máis con Colexio de Enxeñería Informática, 6.000 euros para fomento de teletraballo, pero en cambio semellan excesivos os 75.000 euros para gastos de funcionamento da CEO, porque o resto están achegando cousas – teletraballo, portelo único, plan de emprego – pero neste caso para gastos de funcionamento semella excesivo.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular** dille á Sra. Lama que do que se trata aquí é de dotar as partidas para poder desenvolver as axudas, e que logo se elaborarán e aprobarán en Xunta de Goberno as bases correspondentes co asesoramento dos técnicos, e de feito as do programa Comerciou xa están aprobadas e están a chegar as primeiras solicitudes. Con respecto ás obras, as que se inclúen son compromisos con outras administracións xa adquiridos anteriormente, como é o caso do centro de saúde da Rúa, e reitéralle ao Sr. Rodríguez Villarino que se lle responderá oportunamente á pregunta que formulou un compañeiro seu onte. Dille ao Sr. Varela que xa lle trasladou ao Presidente a súa petición respecto do Plan Provincial, para que eses 51.000 (porque son 48.000 de obra e 3.000 de servizos de redacción e dirección de obras) se poidan destinar a outros fins que os concellos estimen oportunos, que se estudará e que a ver se no próximo pleno podemos traer algo ao respecto. Di que con respecto á partida para limpeza, obedece a que o estado de alarma determinou a suspensión dos procedementos de contratación por concorrência e ademais obrigou a realizar limpeza especiais neste edificio e noutras dependencias provinciais. Aclara que os 300.000 euros que se reducen no servizo do lixo estaban destinados a renovación de vehículos e segundo o director da área podíase esperar ao vindeiro exercicio. Con respecto aos cambios das subvencións nominativas de Ribadavia, responden a peticións do concello, que aquí se respectan no marco da legalidade. En canto aos centros comerciais abertos, iso está previsto nas axudas á Federación de Comercio e á CEO. En canto ás axudas para os traballadores afectados por ERTE's, di que son meras axudas complementarias das que debe dar o Estado e mesmo a Xunta, e por iso o Sr. Presidente pediu ao Goberno máis coordinación, máis axudas e menos xestos sen contido económico. Di que o goberno provincial cre que ante esta situación hai que actuar con planificación, eficacia e tomando

decisións coherentes, e pon como exemplo iniciativas como o Comité do Día Despois posto en marcha polo Sr. Presidente, e remata citando ao presidente francés Emmanuel Macron, cando dixo que estabamos nun tempo no que había que pensar o impensable, algo que debemos facer unidos.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e con 15 votos a favor (PP, DO e C's) e 10 abstencións (PSdG – PSOE e BNG) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria nº 3/2020, de baixas por anulación de créditos, suplemento de créditos e créditos orzamentarios e modificación das bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, co seguinte contido:

**A) Baixas por anulación de créditos:**

<b>Aplicación orzamentaria baixa</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe da baixa por anulación de créditos</b>
450.11/204.00	Área de infraestruturas. Arrendamentos de material de transporte	8.000,00 €
450.11/230.20	Área de infraestruturas. Indemnizacións por razón do servizo. Persoal non directivo. Funcionarios	20.000,00 €
450.11/231.20	Área de infraestruturas. Locomoción. Do persoal non directivo. Funcionarios.	7.000,00 €
922.11/220.00	Enquisa sobre infraest.e equi. Ordinario non inventariable	1.500,00 €
922.11/226.20	Enquisa sobre infraest.e equi. Utensilios	1.000,00 €
922.11/230.20	Enquisa sobre infraest.e equi. Axudas de custo do persoal non directivo. Funcionarios	8.000,00 €
922.11/231.20	Enquisa sobre infraest.e equi. Locomoción	3.000,00 €
453.11/226.20	Vías e obras provinciais. Utensilios	15.000,00 €
453.11/231.20	Vías e obras provinciais. Locomoción	10.000,00 €
453.11/623.00	Vías e obras provinciais. Maquinaria, instalacións e ferramentas	15.000,00 €
453.11/625.00	Vías e obras provinciais. Mobiliario pertenzas	10.000,00 €
453.11/632.00	Vías e obras provinciais. Edificios e outras construcións.	7.000,00 €
453.11/640.00	Vías e obras provinciais. Gastos en inv. De	9.007,80 €

	carácter inmaterial	
450.12/214.00	Cooperación provincial. Material de transporte	10.000,00 €
450.12/220.00	Cooperación provincial. Ordinario non inventariable	2.000,00 €
450.12/221.99	Cooperación provincial. Materiais	40.000,00 €
450.12/619.02	Cooperación provincial. Reparación vías provinciais	50.000,00 €
161.11/226.02	Servizo de augas. Información e publicidade	40.000,00 €
161.11/623.00	Servizo de augas. Maquinaria, instalacións e ferramentas	40.000,00 €
161.11/632.00	Servizo de augas. Edificios e outras construcións	50.000,00 €
162.02/213.00	Proxectos depuración. Maquinaria, instalacións e ferramentas	90.000,00 €
162.35/204.00	Unidade prov de xest de lixo. Arrendamento material de transporte	300.000,00 €
162.35/624.00	Unidade prov de xest de lixo. Elementos de transporte	8.000,00 €
169.11/632.00	Rede prov. De recollida de animais abandonados. Edificios e outras construcións.	60.000,00 €
453.12/212.00	Parque maquinaria. Edificios e outras construcións.	10.000,00 €
453.12/221.02	Parque maquinaria. Gas	4.000,00 €
453.12/221.03	Parque maquinaria. Combustibles e carburantes	40.000,00 €
453.12/227.04	Parque maquinaria. Custodia, depósito e almacenaxe	8.000,00 €
453.12/622.00	Parque maquinaria. Edificios e outras construcións	15.000,00 €
453.12/623.00	Parque maquinaria. Maq, instalacións e ferramentas	210.000,00 €
453.12/624.00	Parque maquinaria. Elementos de transporte	20.000,00 €
453.12/632.00	Parque maquinaria. Edificios e outras construcións	18.000,00 €
241.11/226.02	Fom.do emprego, igualdade e benestar. Información e publicidade	40.000,00 €
241.11/226.09	Fom.do emprego, igualdade e benestar. Actividades Culturais	40.000,00 €
241.11/226.99	Fom.do emprego, igualdade e benestar. Outros gastos diversos	8.931,16 €
241.11/227.06	Fom.do emprego, igualdade e benestar.	30.000,00 €
313.31/227.06	Termalismo. Estudos e traballos técnicos.	40.000,00 €
342.11/226.20	Pazo dos deportes Paco Paz, Utensilios	10.000,00 €
<b>TOTAL BAIXA POR ANULACION DE CREDITOS</b>		<b>1.298.438,96 €</b>

**B) Suplementos de crédito. Gastos de investimento:**

APLICACIÓN	EXPRESION	IMPORTE €
324.11/750.00	Centro Galego de Innovación da FP. A Xunta de Galicia	1.125.000,00 €
<b>TOTAL SC. Gastos de investimentos</b>		<b>1.125.000,00 €</b>

**C) Créditos extraordinarios. Gastos de investimentos.**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
231.11/780.00	Acción social. Asociación de padres de minusválidos psíquicos de Ourense (Aspanas)	48.000,00 €
231.11/762.06	Acción Social. Concello da Rúa	130.000,00 €
231.11/762.07	Acción Social. Concello de Porqueira	175.000,00 €
231.11/762.08	Acción Social. Concello de Riós	125.000,00 €
231.11/762.09	Acción Social. Concello de Trasmiras	125.000,00 €
<b>TOTAL C.E. Gastos de investimentos</b>		<b>603.000,00 €</b>

**D) Suplementos de créditos. Gastos correntes:**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
241.11/462.07	Fomento do Emprego, igualdade e benestar. A concellos. Plan de emprego	1.830.000,00 €
241.11/489.41	Fomento do Emprego, igualdade e benestar. Outras transf. Plan Prov, Emprego xuv. EmprendOU	114.227,50 €
920.11/227.00	Pazo Provincial. Limpeza e aseo	31.100,00 €
<b>TOTAL S.C. Gastos correntes</b>		<b>1.975.327,50 €</b>

**E) Créditos extraordinarios. Gastos correntes:**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
134.11/462.09	Protección e defensa civil. Concello de Carballeda de Avia	83.000,00 €
231.11/479.05	Acción social. Subvención autónomos COVID-19	3.275.000,00 €
231.11/480.05	Acción social. Subvención despedidos / ERTES – COVID -19	350.000,00 €
231.11/479.06	Acción social. Subvención apoio PEMES – COVID -19	550.000,00 €
231.11/489.43	Acción social. Subvención escola de Saúde rural da Limia	28.000,00 €
231.11/489.38	Acción social. Subv. Fundación de discapacitados psíquicos Terras de Celanova	40.000,00 €
431.41/479.07	Promoción cultural. Subvención Federación de comercio	50.000,00 €
433.00/479.08	Desenv. Empresarial. Subv. Colexio de	12.000,00 €

	economistas de Ourense	
433.00/479.09	Desenv. Empresarial. Subv. Colexio profesional de Enxeñaría de informática de Galicia	6.000,00 €
433.00/489.39	Desenv. Empresarial. Subv. Confederación empresarial de Ourense	75.000,00 €
433.00/489.40	Desenv. Empresarial. Subv. Asociación empresarial de profesionais e autónomos de Ourense	12.000,00 €
433.00/489.42	Desenv. Empresarial. Subv. Asociación de empresarios de Valdeorras	30.000,00 €
<b>TOTAL C.E. Gastos correntes</b>		<b>4.511.000,00 €</b>

**F) Resumo de suplementos de crédito e créditos extraordinarios:**

Suma	suplementos	de	crédito	3.100.327,50 €
Suma	créditos		extraordinarios	5.114.000,00 €
<b>TOTAL MC 3/2020</b>				<b>8.214.327,50 €</b>

**G) Recursos utilizados:**

<b>Baixas por anulación de créditos</b>	<b>1.298.438,96 €</b>
<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>6.915.888,54 €</b>

**H) Modificacións nas bases de execución dos orzamentos:**

Nas bases de execución dos orzamento das Deputación Provincial de Ourense concrétase a **previsión de determinadas subvencións nominativas no capítulo IV e VII de gastos** que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilita crédito nesta modificación orzamentaria:

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/780.00 “ Acción social. Asociación de padres de minusválidos psíquicos de Ourense (ASPANAS)**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE €
Asociación de padres de minusválidos psíquicos de Ourense (ASPANAS)	Equipamento para os seus centros	48.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/762.06 “ Acción social. Concello da Rúa”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello da Rúa	Obras de viales, de acceso, acondicionamento e servizos o novo centro de saúde	130.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/762.07 “ Acción social. Concello de Porqueira”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Porqueira	Ampliación da Residencia da 3ª idade	175.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/762.08 “ Acción social. Concello de Riós ”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Riós	Construción Centro de día	125.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/762.09 “ Acción social. Concello de Trasmiras”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Trasmiras	Construción da Residencia da 3º idade	125.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 134.11/ 462.09 ” Protección e defensa civil. Concello de Carballeda de Avia**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Carballeda de Avia (Endoso a Banco Sabadell)	Indemnizacións por danos nos incendios do ano 2017	83.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/489.43 “ Acción social. Subv. Escola de saúde rural da Limia ”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Escola de saúde rural da Limia	Gastos de funcionamento 2019 / 2020	28.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/489.38 “ Acción social. Subv. Fundación de discapacitados psíquicos Terras de Celanova”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Fundación de discapacitados psíquicos Terras de Celanova	Gastos de funcionamento 2020	40.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 431.41/479.07 “ Promoción comercial. Subvención Federación de Comercio de Ourense”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Federación de comercio de Ourense	Plataforma on-line provincial	50.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 433.00/479.08 “ Desenv. Empresarial. Subvención Colexio de Economistas de Ourense”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE

Colexio de economistas de Ourense	Portelo único empresarial –COVID 19	12.000,00 €
-----------------------------------	-------------------------------------	-------------

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 433.00/479.09 “ Desenv. Empresarial. Subvención Colexio profesional de Enxeñaría Informática de Galicia”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Colexio Profesional de Enxeñaría de Informática de Galicia	Teletraballo. Red.es COVID-19	6.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 433.00/489.39 “ Desenv. Empresarial. Subvención Confederación Empresarial de Ourense”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Confederación Empresarial de Ourense	Gastos de funcionamento 2020	75.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 433.00/489.40 “ Desenv. Empresarial. Subvención Asociación Empresarial de Profesionais e Autónomos de Ourense”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Asociación Empresarial de profesionais e autónomos de Ourense	Gastos de funcionamento 2020	12.000,00 €

**Con cargo a aplicación orzamentaria : 433.00/489.42 “ Desenv. Empresarial. Subvención Asociación de empresarios de Valdeorras”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Asociación de empresarios de Valdeorras	Gastos de funcionamento 2020 e programa EMPREGATE II	30.000,00 €

Ademais destas modificacións, introdúcense outras, de carácter puramente cualitativo, e que non supoñen incremento do gasto xa previsto no orzamento orixinal de 2020. Estas variacións non cuantitativas afectan aos capítulos IV e VII de gastos, co seguinte contido:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos do 2020 , prevíase unha subvención ao **Concello de Ribadavia** para a execución da obra “Obras no colexio” por importe de 11.280,00 euros. En base á solicitude presentada polo Concello de Ribadavia de data 3 de marzo de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 9 de marzo de 2020 **procede modificar o beneficiario** da subvención, que pasa a ser a **Asociación Cultural Liradavia**, na súa condición de promotora das obras de reforma e acondicionamento de aulas do CEIP Plurilingüe de Ribadavia para o desenvolvemento da actividade docente da Escola de Música Mestre Veneroni.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
<b>Asociación Cultural Liradavia</b>	Obras de reforma e acondicionamento de aulas do CEIP Plurilingüe de Ribadavia para o desenvolvemento da actividade docente da Escola de Música Mestre	11.280,00 €

	Veneroni.	
--	-----------	--

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos do 2020 , prevíase unha subvención ao **Concello de Ribadavia** para a execución da obra “ Gardería” por importe de 23.500,00 euros. En base á solicitude presentada polo Concello de Ribadavia de data 3 de marzo de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 9 de marzo de 2020 **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “**Edificio da Alameda CEIP Ribadavia**”

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Ribadavia	<b>Edificio da Alameda CEIP Ribadavia</b>	23.500,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos do 2020 , prevíase unha subvención ao **Concello de Boborás** para a execución da obra “ Equipamento edificio sociocultural” por importe de 37.600,00 euros. En base á solicitude presentada polo Concello de Boborás de data 05 de marzo de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 06 de abril de 2020 **proponse unha ampliación do obxecto** da subvención “ **Subvención para equipamento do edificio sociocultural de Boborás 2019/2020**”, xeito que sexan subvencionables os gastos xa realizados en 2019.

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Boborás	<b>Equipamento do edificio sociocultural de Boborás 2019/2020</b>	37.600.00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións” dos orzamentos do 2020 , prevíase unha subvención ao **Concello de Castrelo de Val** para a execución da obra “ Renovación de saneamento, pluviais, abastecemento e pavimentación en Campobecerros” por importe de 42.300,00 euros. En base á solicitude presentada polo Concello de Castrelo de Val de data 03 de marzo de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 3 de marzo de 2020 **proponse un cambio do obxecto** da subvención pasando a denominarse soamente “**Pavimentación en Campobecerros**”

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Castrelo do Val	<b>Pavimentación en Campobecerros</b>	42.300,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 33420/78900 “ Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias” da modificación orzamentaria 2/2019 dos orzamentos do



2019, prevíase unha subvención ao **Colexio Santiago Apóstol de Buenos Aires** para “ mellora das instalacións” por importe de 80.000,00 euros. Ao revisar a documentación requirida para a concesión da subvención observase o erro no beneficiario da mesma polo que se **propón un cambio no beneficiario** pasando a ser “ Fundación Galicia América”, que é a promotora das ditas obras.

**33420/78900 “ Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
<b>Fundación Galicia América</b>	Mellora das instalacións	80.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” da modificación 4/2019 do exercicio 2019, prevíase unha subvención ao **Concello de Porqueira** para a execución da obra “ Subministración de alumeado público no termo municipal” por importe de 65.000 euros. En base á solicitude presentada polo Concello de Porqueira de data 12 de marzo de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 12 de marzo de 2020 **proponse unha ampliación do obxecto** da subvención **subministración de alumeado público no termo municipal do concello de Porqueira dende outubro do 2016 ata xaneiro do 2018”** e o cambio na aplicación orzamentaria pasando dun capítulo 7 ( inversión) a un capítulo 4 (gastos corrente), polo mesmo importe de 65.000,00 €

**450.12/46200 “Cooperación provincial. A Concellos”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Porqueira	<b>Subministración de alumeado público no termo municipal do concello de Porqueira dende outubro do 2016 ata xaneiro do 2018</b>	65.000,00 €

g) Existe crédito na aplicación orzamentaria **31331/62702 “ Termalismo. Plano Ourense provincia termal”** dos Orzamentos Xerais da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2020. Concrétase a finalidade deste crédito para os proxectos que se detallan a continuación, relativos todos eles a actuacións de mellora das infraestruturas termais de titularidade municipal da provincia, determinadas en función das demandas dos concellos.

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello A Teixeira	<b>Mellora de accesibilidade e sinalización das áreas termais da Chabious e Seixomil</b>	48.000,00 €
Concello de Carballiño	<b>Mellora de accesibilidade á fonte termal do Baño de Arcos</b>	47.955,00 €
Concello de Cortegada	<b>Humanización da rúa Otero Novas (acceso ao Balneario Histórico)</b>	48.116,13 €

2º) Someter o presente acordo a información pública, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días hábiles. Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións, nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. As reclamacións, no seu caso, serán resoltas expresamente polo Pleno no prazo máximo dun mes. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o prazo de información pública non se presentasen reclamacións.

**5º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN ECONÓMICA COAS ENTIDADES LOCAIS BENOURENSE INFANCIA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2020.-**

A proposta da Presidencia, este punto debateuse conxuntamente co punto 6º, sen prexuízo da súa votacións separada.

O Sr. Secretario da lectura ás proposicións da Presidencia nos puntos 5º e 6º da orde do día.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que estes programas xa foron debatidos en varias ocasións e xa ten manifestado o seu apoio ao respecto, polo que votará a favor. Sinala a súa preocupación polas necesidades das familias de conciliación da vida laboral e familiar ante o peche dos colexios e xa, cara ao verán, ante a falla de servizos como campamentos ou ludotecas, que será moi complicado prestar, e cre que o goberno provincial debe estudar posibles solucións ao respecto, como axudas á conciliación, porque é un problema preocupante.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que concorda co expresado pola Sra. Lama, e que respecto do programa Benourense Infancia – Servizos Complementarios a principal reivindicación segue a ser o aumento dos fondos. Coincide tamén na necesidade de que os concellos, en colaboración doa deputación e a Xunta, deseñen programas de conciliación da vida laboral e familiar, sobre todo de cara a este verán e ante a dificultade engadida que isto suporá las actuais circunstancias. Con respecto ao Benourense SAF, reitera o xa expresado no punto 2º, en canto á dificultade que supón para os concellos a

baixa do número de usuarios e o mantemento dos custes salariais do servizo. En todo caso, anuncio o seu voto a favor nos dous puntos.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO,** di que estes programas xa se debateron no seu día, e que no caso do Benourense Infancia – SC agora trátase de resolver unha alegación do concello da Bola, na que se pedía a redución do tempo mínimo esixido de prestación do servizos subvencionado a seis meses, índose incluso máis aló na estimación da alegación, ao suprimirse por completo este requisito, o que semella razoable no contexto excepcional que estamos a vivir; en canto ao programa Benourense SAF, trátase de modificalo para incrementar a súa dotación neses 250.000 euros que se aprobaron na modificación 2/2020, convalidada neste mesmo pleno, e de incrementar oa anticipos aos concellos do 70 ata o 100 %. En ambos casos, anuncia o seu voto a favor.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que comparte a idea de que todos temos que cooperar nesta difícil situación, pero esa cooperación ten que ser recíproca, e engade, ao fío da cita das verbas de Macron feita polo Sr. Álvarez Dobaño, en canto a que temos que pensar o impensable, que temos que aplicarnos o conto a nós mesmos e, en efecto, pensar o impensable, e pon de relevo a actitude do seu grupo nesta sesión, sinalando que neste contexto hai que ter en conta a labor que leva desenvolvido o Goberno da Nación nesta crise, porque con erros e acertos é o Goberno o que leva ás súas costas a maior parte do problema, e iso é innegable; e di isto porque agora ven o tempo da desescalada, no que cobrarán maior protagonismo os gobernos autonómicos e tamén os provinciais, e esas desescalada haberá que facela con prudencia e porá en evidencia o nivel de gobernanza de cada territorio, no que haberá que tomar decisións que poden non gustar á cidadanía, e poden ter que ser restritivas. Lembra tamén a frase do Sr. Presidente en canto a que é o tempo das persoas e non das obras, pero acabamos de ver unha modificación orzamentaria que non é totalmente coherente cos ese discurso. Nese senso, o seu grupo está de acordo en que estes programas son necesarios, aínda que tamén mellorables. Con respecto ao programa do SAF, salienta que como dicía antes o Sr. Varela, os veciños estanos a dar unha lección de sentido común, ao darse de baixa neste servizo dado que en efecto é un risco nesta situación que entren persoas alleas no fogar. Lembra tamén que esta é, na súa opinión, unha competencia impropia, e cre que habería que reclamarlle á Xunta que asumise as súas responsabilidades nestes servizos sociais. En todo caso, e sendo mellorables as bases como dixo, anuncia o voto favorable do Grupo Socialista.

**Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular,** lembra que non só se estima alegación do concello da Bola de reducir o prazo mínimo, senón que ademais se suprime totalmente ese requisito temporal mínimo do servizo. Con respecto ao SAF, é certo que como se dixo aquí neste tempo moita xente pediu a baixa neste servizo, como sucede tamén no SAD (o servizo de axuda a persoas dependentes) pero utilizando uns conceptos tomados da medicina que lle explicou hai pouco o deputado e doutro en medicina don Rosendo Fernández, hai tratamentos de choque e tratamentos de fondo, e neste caso a Deputación está a aplicar estas dúas técnicas coas medidas adoptadas: un tratamento de choque (como serían as axudas a autónomos ou o programa Comerciou) e un tratamento de fondo, como é o caso desta modificación do programa Benourense SAF, porque, en efecto, hai unha caída temporal agora do servizo, pero é probable que cando volvamos á normalidade a demanda creza incluso por enriba do que era habitual antes, porque moitas persoas maiores volvan aos pobos, ou porque se reduzan os ingresos de moitas unidades familiares, o que pode facer que este servizo de axuda no fogar sexa moi necesario. Engade que o incremento orzamentario é dun 52 %. Con respecto ao carácter impropio das competencias municipais e provinciais na materia, lembra que a Lei de servizos sociais de Galicia foi aprobada na época na que gobernaban PSOE e BNG, e é esa lei a que atribúe esa competencia aos concellos e deputacións,

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG,** di que ten dúbidas de que se cumpran esas previsións do Sr. Pérez, porque é posible que esas reducións de ingresos das familias tamén os leve a prescindir deste servizo; en todo caso, pide que sexamos adaptativos neste eido, e que se poidan reorientar eses fondos en función da evolución dos acontecementos. Reitera a demanda de que a Xunta non reduza o financiamento, dado que ese financiamento vai por horas de servizo prestado, pero esa redución das horas non implica apenas redución de custes para os concellos, e pide que a Deputación apoie esa demanda na FEGAMP.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** dille ao Sr. Pérez que é unha mágoa que ás veces non nos escoitemos, porque para o seu grupo o SAF sempre foi necesario. En canto á caída da demanda do servizo, é simplemente unha evidencia que puxo de manifesto, igual que é obvio que o servizo vai ser moi necesario nos tempos que veñen. Con respecto a que a Lei de servizos sociais foi impulsada polo Goberno bipartito, é certo, pero hai xa trece anos que iso sucedeu, e houbo tempo a que o PP mudara esa lei, por

exemplo, exonerando ás deputacións desta carga, e non o fixo, e en todo caso cre que o lóxico é que se faga cargo deste servizo quen ten as competencias, é dicir, a Xunta, e isto tamén sería unha medida de tratamento de fondo. Di que nesta crise estanse a tomar medidas polos concellos, polas deputacións, incluída esta, e non digamos polo Goberno da Nación, pero que hai un goberno que non toma medidas, que é a Xunta, e pon como exemplo que aquí se acaban de aprobar medidas de axuda a autónomos e pemes, e pregúntase onde están as axudas da Xunta ao respecto, ou a súa actitude contraditoria con respecto aos ERTE. Subliña que o que o seu grupo está a criticar aquí non é a esta deputación, e de feito non hai ningún punto na orde do día no que voten en contra, senón a inacción da Xunta nesta crise.

**Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular,** dille ao Sr. Gómez Pérez que cre que ese non é o debate que corresponde hoxe, e que se podería debater longo e tendido a acción da Xunta e tamén a do Goberno da Nación nesta crise. Engade que é vontade do goberno provincial ir readaptando os programas a medida que vaian evolucionando os acontecementos e se vaia desenvolvendo a súa execución. Con respecto ás accións de conciliación familiar, di que no seu concello as realizan todos os veráns con cargo ao programa de mocidade da Deputación, e que as levarán a cabo este ano tamén, cumprindo, iso si, todas as medidas de seguridade sanitaria que se establezan.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Estimar a alegación formulada polo concello da Bola, no senso de aceptar a modificación solicitada pero estendendo esta á supresión total do requisito dun período de funcionamento mínimo do servizos subvencionado, quedando a base 2ª redactada do seguinte xeito:

*Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organice o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.*

*Para estes efectos, a imposibilidade de funcionamento dos servizos como consecuencia das restricións legais impostas pola pandemia do COVID 19 non impedirá a concesión e xustificación das subvencións, sempre que as entidades locais beneficiarias xustifiquen o gasto realizado para o mantemento estrutural destes servizos sen prexuízo da paralización da súa prestación efectiva.*

*Quedan expresamente excluídos deste programa os servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.*

2º) Aprobar definitivamente o Programa de cooperación económica coas entidades locais BenOurense Infancia para concesión de subvencións para Servizos Complementarios de atención á infancia para o exercicio 2020, ordenando a súa publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, conforme ás seguintes bases reguladoras:

**Primeira.- Obxecto da subvención:**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia- Servizos Complementarios**” en réxime de concorrència non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Servizos Complementarios á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como **servizo complementario de atención á infancia**, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gasto de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, por importe de 125.000,00€ (cento vinte cinco mil euros).

## **Segunda.- Entidades beneficiarias.**

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organice o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.

Para estes efectos, a imposibilidade de funcionamento dos servizos como consecuencia das restricións legais impostas pola pandemia do COVID 19 non impedirá a concesión e xustificación das subvencións, sempre que as entidades locais beneficiarias xustifiquen o gasto realizado para o mantemento estrutural destes servizos sen prexuízo da paralización da súa prestación efectiva.

Quedan expresamente excluídos deste programa os servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

## **Terceira.- Contía das subvencións**

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” ( en adiante C.P), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o C.P que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos C.P dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumario obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo C.P que lle corresponde ó concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos C.P de todos dos concellos solicitantes = “C”*
- División da contía total da subvención: 125.000 / “C” = “R”.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

*C.P da entidade solicitante x “R”*= SUBVENCIÓN QUE LLE CORRESPONDE.

#### **Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación.

Os formularios están dispoñibles na seguinte dirección electrónica:

<https://www.quedatenacasa.com/modelos>

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente a alcaldesa/e, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarase no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.



**Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

**Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.**

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello. Antes do 1 de xuño de 2020, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2020 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2020, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagamentos das persoas usuarias do servizo.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2020, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagamento das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías

iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

**Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

**Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es).

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: [dpo@depourense.es](mailto:dpo@depourense.es).

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido

nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es)

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **Novena .-Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios

2020 e 2021. O control financeiro incluíra actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

#### **Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- 2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao

cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

## ANEXO I

### CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE: CLASIFICACIÓN DE RETO DEMOGRÁFICO.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, neste documento recóllense, nas consideracións previas, que:

*“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”.*

O citado documento enumera as “*catro figuras*” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación de Ourense, Área de Benestar, establece unha diferenciación entre os concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que sexan aplicados a todos os programas de cooperación e de subvencións que desenvolva esta área durante o ano 2020 .

## **CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE**

### **A) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.**

1. **Sen prioridade femográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:
  - Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento”.
  - Ter máis de 10.000 habitantes.
  - Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes e gañar poboación na última década
2. **Con prioridade demográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento” e nos que concorran algunha das seguintes características:
  - Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
  - Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

### **B) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense**

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRADO. Os grados son: Grado 1, Grado 2 e Grado 3, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

## **CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS. PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRADOS.**

### **A) Criterios para determinar a “prioridade demográfica”.**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

#### **1.- Poboación.**

Os concellos clasificaranse en :



- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2019.

## **2.- Situación xeográfica.**

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

## **3.- Perda da poboación.**

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2010-2019.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2010-2019.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2010-2019.

## **4.- Densidade demográfica municipal.**

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> .
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

## **5.- Índice de envellecemento.**

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2018<sup>1</sup>-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

## **6.- Taxa de Natalidade.**

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2015,2016,2017<sup>2</sup>, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

En atención ao explicado os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

### **1. Sen prioridade demográfica**

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

### **2. Con prioridade demográfica**

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

#### **GRAO 1.**

---

<sup>1</sup> Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

<sup>2</sup> Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Serán considerado como GRADO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

## **GRAO 2.**

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

## **GRAO 3.**

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
  - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
  - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

## ANEXO II

### Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA	Coefficiente de ponderación CP
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	grao 1	1
3	Arnoia, A	grao 1	1
4	Avión	grao 2	1.25
5	Baltar	grao 2	1.25
6	Bande	grao 2	1.25
7	Baños de Molgas	grao 2	1.25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1.5
11	Beariz	grao 3	1.5
12	Blancos, Os	grao 3	1.5
13	Boborás	grao 2	1.25
14	Bola, A	grao 2	1.25
15	Bolo, O	grao 3	1.5
16	Calvos de Randín	grao 3	1.5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1.25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1.25

19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1.25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1.25
22	Castrelo do Val	grao 3	1.5
23	Castro Caldelas	grao 2	1.25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1.25
26	Chandrexa de Queixa	grao 3	1.5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1.25
29	Cualedro	grao 2	1.25
30	Entrimo	grao 2	1.25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1.5
33	Gudiña, A	grao 2	1.25
34	Irixo, O	grao 2	1.25
35	Larouco	grao 3	1.5
36	Laza	grao 2	1.25
37	Leiro	grao 1	1
38	Lobeira	grao 3	1.5
39	Lobios	grao 2	1.25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1.5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1.25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1.25
46	Montederramo	grao 3	1.5
47	Monterrei	grao 2	1.25
48	Muíños	grao 2	1.25
49	Nogueira de Ramuín	grao 2	1.25

50	Oímbra	grao 2	1.25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1.25
54	Parada de Sil	grao 3	1.5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 2	1.25
57	Petín	grao 2	1.25
58	Piñor	grao 2	1.25
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1.25
60	Pontedeva	grao 3	1.5
61	Porqueira	grao 3	1.5
62	Punxín	grao 3	1.5
63	Quintela de Leirado	grao 3	1.5
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1.25
65	Ramirás	grao 2	1.25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1.25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1.25
70	San Amaro	grao 2	1.25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1.25
73	San Xoán de Río	grao 3	1.5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1.25
76	Taboadela	grao 2	1.25
77	Teixeira, A	grao 3	1.5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1.25
80	Veiga, A	grao 3	1.5

81	Verea	grao 3	1.5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1.25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1.25
87	Vilar de Santos	grao 2	1.25
88	Vilardevós	grao 2	1.25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1.5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1.25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 3	1.5

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCÍONS E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGACÍONS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E NO PAGO DE OBRIGACÍONS POR REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

D/Dona.....,  
 NIF....., en nome propio, ou en representación da  
 entidade ....., con  
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta,  
**PRIMEIRO:** Que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**SEGUNDO:** Que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración,

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.:

**6º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE VI E DO ANEXO III DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN ECONÓMICA CON ENTIDADES BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO, EXERCICIO 2020.-**

O debate deste punto realizouse conxuntamente co do punto 5º.

Non se interveñen, procedéndose á votación, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do programa Benourense SAF, nos seguintes termos:

A) Modifícase a base VI do programa, que queda redactada como segue:

**VI.- Xustificación e pagamento.**

A subvención prevista no presente Programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:



Antes do 1 de xuño, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 100 % do importe total de subvención previsto a cada concello.

## 2. Xustificación.

A xustificación do programa incluírá soamente os gastos efectuados ata a data de finalización da xustificación (30 de novembro de 2020). Os gastos correspondente aos meses de novembro e decembro do 2020 poderán xustificarse cun certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

A xustificación da subvención poderase realizar de dúas formas, cuxa elección dependerá do criterio da entidade beneficiaria:

a) **Automatizada:** Realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a.1) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

a.2) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impidise a súa introdución en prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, estimándoas no caso de que se aprecie a existencia de causa xustificativa da demora, habilitando ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

a.3) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme o procedemento descrito anteriormente. Esta certificación presentarase no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense, asinada de modo electrónico

polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, ata o 30 de novembro de 2020.

**b) Manual:** As entidades beneficiarias cumprimentarán a certificación de gastos e a memoria no formulario tipificado pola Deputación de Ourense .

A certificación de gastos e a memoria económica deberá estar firmada polo responsable da secretaría/intervención e os datos reflectiran o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2 , apartados a) ou b) segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo, deberá de estar firmada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria e ser presentada no rexistro electrónico da Deputación de Ourense ata o día 30 de novembro de 2020.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007 , de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo IV que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

B) Modifícase o anexo III do programa, quedando redactado do seguinte xeito:

### ANEXO III CONTÍAS SAF BÁSICO 2020

	<i>ENTIDADE LOCAL</i>	<i>CUANTÍA</i>
1	<i>Allariz</i>	<i>25.978,10</i>
2	<i>Amoeiro</i>	<i>11.834,85</i>
3	<i>Arnoia, A</i>	<i>6.874,94</i>
4	<i>Avión</i>	<i>10.455,51</i>

5	<i>Baltar</i>	<b>7.227,69</b>
6	<i>Bande</i>	<b>17.315,44</b>
7	<i>Baños de Molgas</i>	<b>9.386,03</b>
8	<i>Barbadás</i>	<b>23.383,83</b>
9	<i>Barco de Valdeorras, O</i>	<b>52.283,10</b>
10	<i>Beade</i>	<b>5.538,35</b>
11	<i>Beariz</i>	<b>7.762,56</b>
12	<i>Blancos, Os</i>	<b>6.968,20</b>
13	<i>Boborás</i>	<b>12.354,23</b>
14	<i>Bola, A</i>	<b>7.979,43</b>
15	<i>Bolo, O</i>	<b>7.425,44</b>
16	<i>Calvos de Randín</i>	<b>6.983,70</b>
17	<i>Carballeda de Avia</i>	<b>8.483,17</b>
18	<i>Carballeda de Valdeorras</i>	<b>9.486,78</b>
19	<i>Carballiño, O</i>	<b>53.997,37</b>
20	<i>Cartelle</i>	<b>13.737,58</b>
21	<i>Castrelo de Miño</i>	<b>8.727,29</b>
22	<i>Castrelo do Val</i>	<b>7.812,94</b>
23	<i>Castro Caldelas</i>	<b>14.566,82</b>
24	<i>Celanova</i>	<b>24.889,51</b>
25	<i>Cenlle</i>	<b>7.839,93</b>
26	<i>Chandrexa de Queixa</i>	<b>8.122,93</b>
27	<i>Coles</i>	<b>13.818,55</b>
28	<i>Cortegada</i>	<b>7.704,30</b>
29	<i>Cualedro</i>	<b>10.006,02</b>
30	<i>Entrimo</i>	<b>13.807,33</b>
31	<i>Esgos</i>	<b>7.324,43</b>
32	<i>Gomesende</i>	<b>6.836,45</b>
33	<i>Gudiña, A</i>	<b>14.838,06</b>
34	<i>Irixo, O</i>	<b>9.180,66</b>
35	<i>Larouco</i>	<b>5.662,35</b>
36	<i>Laza</i>	<b>8.258,42</b>
37	<i>Leiro</i>	<b>9.075,90</b>
38	<i>Lobeira</i>	<b>11.215,13</b>

39	<i>Lobios</i>	<b>18.942,91</b>
40	<i>Maceda</i>	<b>14.128,81</b>
41	<i>Manzaneda</i>	<b>11.866,12</b>
42	<i>Maside</i>	<b>13.481,70</b>
43	<i>Melón</i>	<b>8.087,92</b>
44	<i>Merca, A</i>	<b>10.412,75</b>
45	<i>Mezquita, A</i>	<b>12.749,47</b>
46	<i>Montederramo</i>	<b>10.428,52</b>
47	<i>Monterrei</i>	<b>13.299,71</b>
48	<i>Muíños</i>	<b>17.080,36</b>
49	<i>Nogueira de Ramuín</i>	<b>11.242,12</b>
50	<i>Oimbra</i>	<b>10.133,89</b>
51	<i>Ourense</i>	<b>0,00</b>
52	<i>Paderne de Allariz</i>	<b>8.362,91</b>
53	<i>Padrenda</i>	<b>10.273,39</b>
54	<i>Parada de Sil</i>	<b>8.864,34</b>
55	<i>Pereiro de Aguiar</i>	<b>26.315,22</b>
56	<i>Peroxa, A</i>	<b>10.548,51</b>
57	<i>Petín</i>	<b>6.836,32</b>
58	<i>Piñor</i>	<b>8.056,92</b>
59	<i>Pobra de Trives, A</i>	<b>22.188,81</b>
60	<i>Pontedeva</i>	<b>5.980,09</b>
61	<i>Porqueira</i>	<b>7.158,07</b>
62	<i>Punxín</i>	<b>6.685,33</b>
63	<i>Quintela de Leirado</i>	<b>6.398,59</b>
64	<i>Rairiz de Veiga</i>	<b>8.405,67</b>
65	<i>Ramirás</i>	<b>9.637,90</b>
66	<i>Ribadavia</i>	<b>22.467,68</b>
67	<i>Riós</i>	<b>9.374,40</b>
68	<i>Rúa, A</i>	<b>19.716,47</b>
69	<i>Rubiá</i>	<b>8.897,79</b>
70	<i>San Amaro</i>	<b>7.719,80</b>
71	<i>San Cibrao das Viñas</i>	<b>12.472,01</b>
72	<i>San Cristovo de Cea</i>	<b>11.780,74</b>
73	<i>San Xoán de Río</i>	<b>8.801,05</b>

74	<i>Sandiás</i>	<b>7.673,17</b>
75	<i>Sarreaus</i>	<b>8.002,67</b>
76	<i>Taboadela</i>	<b>9.037,28</b>
77	<i>Teixeira, A</i>	<b>6.857,12</b>
78	<i>Toén</i>	<b>7.562,74</b>
79	<i>Trasmiras</i>	<b>8.483,17</b>
80	<i>Veiga, A</i>	<b>7.444,82</b>
81	<i>Verea</i>	<b>7.654,06</b>
82	<i>Verín</i>	<b>53.172,79</b>
83	<i>Viana do Bolo</i>	<b>29.593,82</b>
84	<i>Vilamarín</i>	<b>10.184,13</b>
85	<i>Vilamartín de Valdeorras</i>	<b>9.936,13</b>
86	<i>Vilar de Barrio</i>	<b>8.564,54</b>
87	<i>Vilar de Santos</i>	<b>6.677,45</b>
88	<i>Vilardevós</i>	<b>10.653,13</b>
89	<i>Vilariño de Conso</i>	<b>8.692,55</b>
90	<i>Xinzo de Limia</i>	<b>40.645,00</b>
91	<i>Xunqueira de Ambía</i>	<b>8.828,04</b>
92	<i>Xunqueira de Espadanedo</i>	<b>6.886,83</b>
		<b>1.150.489,00 €</b>

2º) Declarar urxente a tramitación do procedemento, ao abeiro do disposto no artigo 33 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3º) Ordenar o sometemento desta modificación a información pública, por prazo de cinco días hábiles, mediante anuncios inseridos na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo pleno mediante acordo expreso. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo adoptado, de xeito automático, procedéndose á súa publicación na sede electrónica e no BOP, sen prexuízo da súa inmediata executividade. A presente modificación entenderase aplicable de forma automática ás entidades locais adheridas ao programa, agás que estas manifesten expresamente o contrario.

**7º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E COA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.-**

O Sr. Secretario da lectura á parte dispositiva da proposición da Presidencia.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** felicita ao grupo de goberno polo incremento da dotación deste programa, pero reitera a súa posición xa exposta cando se aprobou no seu día, en canto a que o programa debería reformularse no senso de aumentar a distribución de fondos ás vilas, dado que a problemática do desemprego é moito maior alí que nos pobos pequenos. Anuncia o seu voto favorable.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do grupo do BNG**, maniféstase na mesa liña que a Sra. Lama, en canto a que o incremento de 20.000 euros é unha axuda significativa para os concellos, pero non obstante este programa peca de falla de obxectividade, e da un datos comparativos entre concellos pequenos e vilas coa evolución do paro no mes de marzo: Vilariño de Conso, con 519 habitantes, ten 18 parados, en marzo 3 menos, cunha caída do 14 %; A Veiga, con 1048 habitantes, ten 31 parados, cunha caída de 2 en marzo, un 6 %; Ribadavia, con 5024 habitantes, ten 354 parados, cun aumento en marzo de 30, un 9 % máis; Allariz, 6300 habitantes, ten 303 parados, cun aumento de 26, un 9 %; e Verín, con 13817 habitantes, ten 1272 parados, cun aumento en marzo de 71, un 5,9%. Propón que se estableza un mínimo por concello e que a partir de aí de establezan criterios obxectivos de reparto en función da problemática de desemprego de cada concello, dun xeito equitativo.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO**, di que este tema xa se debateu no seu día, e do único que se trata agora é de incrementar en 20.000 euros a subvencións aos concellos, tal e como se aprobou na modificación orzamentaria, e sen prexuízo de que no futuro haberá que afinar moito as políticas de empregabilidade á vista do escenario económico que ven. Anuncia o voto a favor.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que por desgraza ás veces semella que ten que vir unha crise para que se adopten medidas como esta, o incremento de fondos deste programa que o seu grupo viña demandando de xeito reiterado.

Lembra que xa sucedera algo parecido coa proposta que na anterior crise fixera o seu grupo para que os fondos do Plan Provincial puidesen ser destinados a gasto corrente, cousa que se lles negou a primeira vez que o pediron pero que se acabou admitindo ao ano seguinte, e fai esta reflexión como exemplo de que se debe escoitar máis á oposición. Pide que se reflexione sobre o problema da distribución destes fondos, ao fio do exposto polo Sr. Varela López, e pon como exemplo o caso da entidade menor de Berán, que está no concello de Leiro, o que determina que ese concello en conxunto reciba 20.000 euros máis que os demais cando ao mellor o seu problema de desemprego non é maior, e isto sen prexuízo de que lle pareza ben que se subvencione a esta entidade menor.

**Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular,** di que non está de acordo co expresado pola Sra. Lama e o Sr. Varela, porque a filosofía do programa parte das necesidades municipais para a través delas fomentar o emprego, e dende ese punto de vista as necesidades dun concello pequeno sempre son maiores que as dun concello grande que ten máis recursos, e incluso entre concellos pequenos hai diferenzas, porque os hai que teñen un tecido económico máis forte que outros. De feito, el ten reclamado que se dean máis cartos aos concellos pequenos, e ao mellor o Sr. Presidente o que está a facer é manter un equilibrio entre ámbalas dúas posicións. Discrepa tamén en canto a que se poida destinar o plan provincial a gasto corrente, porque cre que fomentando o investimento se fomenta o emprego, pero do outro xeito só fomentamos os subsidios. Con respecto á entidade local menor de Berán, di que a súa inclusión foi unha petición do Grupo Socialista no anterior mandato. Di que este é un dos programas mellor valorados polas entidades locais, e cre que é moi acaído neste momento, porque haberá necesidades de persoal nos concellos e porque incluso permite a contratación de traballadores autónomos, que están a atravesar unha situación complicada no medio rural.

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** amosa a súa desconformidade co manifestado polo Sr. Pérez Pérez, tanto no relativo ás obras como no relativo ao programa de empregabilidade. No relativo ás obras, cre que deben ser os concellos os que en uso da súa autonomía decidan se son prioritarias ou se poden esperar para atender antes outras necesidades das persoas. Con respecto ao programa de empregabilidade, di que non lle parece coherente que se dean os mesmos cartos a concellos cun menor número de parados, e lembra ademais que concellos como Xinzo teñen moitas zonas rurais – con 35 núcleos no caso de Xinzo – que son equiparables á situación de

concellos pequenos como Quintela de Leirado. Pide, por isto, que de cara ao futuro se reformulen estas bases. Anuncia o seu voto favor.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, discrepa co Sr. Pérez, porque entende que ten que haber uns criterios obxectivos mínimos, e obxectivamente non se pode defender que se dean os mesmos cartos a concellos cun menor problema de desemprego, e iso non quita para que noutros programas haxa que primar aos pequenos concellos, e así por exemplo no SAF é lóxico que se dean máis cartos a concellos que teñan un maior porcentaxe de persoas maiores, pero é que son conceptos distintos, e non podemos mesturar os conceptos porque se non, non nos entendemos. Di que non é estraño que este programa teña boa acollida, porque sucede que aparte do Plan Provincial isto é o que hai, e dadas as necesidades dos concellos e lóxica que agradezan eses cartos. Con respecto ao tema do Plan Provincial, di que o Concello de Allariz non os quere para dar subsidios, e recalca que se está a axudar a moita xente que o necesita pero cun control estrito dende os servizos sociais municipais para evitar un mal uso dos fondos; pero sucede que os concellos, debido á crise, teñen unha caída de ingresos polos servizos que deixan de prestar – por exemplo, as taxas da piscina – pero teñen que manter os gastos de persoal deses servizos, dado que ás administracións públicas non se lles permite acceder a un ERTE, o que xera un aumento do gasto corrente, e por iso se pediu a flexibilización do Plan, de xeito que cada concello poida decidir no uso da súa autonomía a que destina eses fondos.

**Don José Ignacio Gómez Perez, portavoz do Grupo Socialista**, di que en ningún momento dixo que non se deran cartos á entidade menor de Berán, e que unicamente o puxo como exemplo da actual falla de coherencia do programa. Di que entende o razoamento do Sr. Pérez Pérez en canto a partir das necesidades municipais, pero é que tamén os concellos grandes prestan máis servizos, moitas veces impropios, e polo tanto é un debate que admite moitos puntos de vista, e o único que propuxo foi que se repensase o programa. Di que tamén que neste pleno xa se teñen escoitado alusións críticas aos subsidios, no que cre é unha alusión velada ao proxecto da renda mínima vital, e sae ao paso desas críticas advertindo que tamén os autónomos ou as pemes poden facer mal uso dos fondos e que semella por certos comentarios como se os desempregados fosen facer mal uso deses fondos. Lembra, por último, que a actual composición política da Corporación permite mudar e reformular moitas cousas se os grupos se apoian en cooperan entre si de forma recíproca.



**Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular,** insiste en que o programa parte das necesidades municipais, para a través delas fomentar o emprego, e di que os pequenos concellos teñen unha necesidades maiores que os das vilas, e pon como exemplo que un secretario de concello consta moita máis nun concello de 1.000 habitantes que nun de 3.000.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Modificar o Programa Provincial de Cooperación cos Concellos e coa Entidades Local Menor de Berán en materia de Empregabilidade correspondente ao exercicio 2020 (publicado no BOP de 16 de xaneiro de 2020), nos seguintes termos:

a) A contías das subvencións por concello increméntase en 20.000 euros. A contía da subvención á entidade local menor de Berán increméntase en 10.000 euros.

Non obstante o anterior, no caso dos concellos que non se teñan adherido ao programa inicial, publicado no BOP de 16 de xaneiro de 2020, unicamente poderán obter a parte correspondente á ampliación da subvención, seguindo o procedemento recollido no apartado c).

b) A ampliación das subvencións para os concellos adheridos ao programa inicial e para a entidade local menor de Berán terá carácter automático a partir do día seguinte ao da aprobación definitiva desta modificación do programa, sen necesidade de que estes realicen ningún trámite. Sen prexuízo disto, as entidades beneficiarias que desexen renunciar á subvención, poderá facelo, comunicándoo por escrito á Deputación no prazo máximo dun mes dende a publicación no BOP da aprobación definitiva da modificación.

c) Os concellos que non se adheriron no seu día ao programa inicial, poderán non obstante acollerse á ampliación aprobada con esta modificación, presentando o formulario de adhesión previsto nas bases do programa publicadas no BOP de 16 de xaneiro de 2020, acompañado da declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo anexo II das bases orixinais. As solicitudes tramitaranse conforme ao establecido na base 6ª do programa orixinal.

2º) Declarar urxente a tramitación do procedemento de aprobación desta modificación, ao abeiro do disposto no artigo 33 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3º) Ordenar o sometemento desta modificación a información pública, por prazo de cinco días hábiles, mediante anuncios inseridos na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo pleno mediante acordo expreso. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo adoptado, de xeito automático, procedéndose á súa publicación na sede electrónica e no BOP.

## **8º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA BENOURENSE VECIÑ@S DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS DERIVADOS DA EPIDEMIA DO COVID 19.-**

A Presidencia abre directamente o debate, producíndose as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que vai ser moi breve, porque dalgún xeito levamos xa todo este plenario debatendo este programa Benourense Veciñ@s, que cre que é unha boa iniciativa aínda que todos esteamos de acordo en que é unha axuda moi pequena. Di que espera que nas vindeiras semanas podamos ver como este programa se amplía, e anuncia o seu voto a favor porque unha axuda, por pequena que sexa, sempre é benvida.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que non vai poder votar a favor desta proposta, porque ao final estamos a falar de 150.000 euros para os 91 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, o que para concellos como Allariz, Amoeiro ou Arnoia implica 1.321 euros, e para os concellos afortunados no reparto, que o son porque por desgraza teñen unha casuística que os beneficia neste reparto, como O Bolo ou Calvos de Randín, 1.982 euros; engade que no Concello de Allariz esa cantidade xa se gastou a semana pasada. Cre que sería mellor non adoptar medidas deste tipo, cunha dotación irrisoria, e que sería máis acaído agrupar os fondos en liñas de axuda de maior volume e cun maior impacto. Critica tamén os criterios de distribución das axudas, e espera que en futuras liñas de axuda se reformulen, porque esas liñas serán necesarias ante a situación que se está a

dar, na que se está a detectar unha demanda nova de axuda, en moitos casos procedente de persoas estranxeiras que viñan traballando na economía informal e que non teñen ningún tipo de subsidio por este motivo, e neste senso cre que debería haber unha implicación da Xunta nesta problemática. Reitera tamén que un concello de 2.200 habitantes na Coruña ten unha axuda da Deputación de 188.000 euros, e xa sabe que non son comparables as dúas deputacións, e tampouco as provincias, porque eles teñen máis de 1,1 millóns de habitantes e nós somos 308.000 e imos a menos, e con medidas como esta a provincia non vai mellorar no futuro, polo que insiste en que para futuras medidas deste tipo se teñan en conta estas consideracións.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO,** di que é unha axuda pequena pero hai que ter en conta que se enmarca no paquete de medidas aprobadas hoxe no punto 3º e que tiñan ese límite do 20 % do superávit marcado polo Real Decreto Lei 11/2020, e polo tanto isto é o que hai e son os recursos que temos. Cre que en todo caos por pequena que sexa é unha axuda que sempre será benvida. En canto aos criterios de distribución en base á regresión demográfica dos concellos di que nestes momentos tampouco ten datos obxectivos para discutila, sen prexuízo dos razoamentos expostos polo Sr. Varela. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que por desgraza esta situación excepcional vai poñer a proba, e cre que así quedará para a historia, a actitude individual e como grupo de cada un de nós nas institucións nas que estamos, e por iso o seu grupo vai votar a favor neste punto, por responsabilidade, e aínda sen recibir un trato recíproco por parte do goberno da institución, e non van facer o mesmo que outros grupos están a facer noutros ámbitos de goberno, onde se critica de forma sistemática cada decisión que está a tomar o Goberno da Nación. Votarán a favor por iso, aínda que a contía do programa é claramente insuficiente, e aínda que dende o goberno provincial non se consultou co seu grupo, e cre que sería necesario que existise esa conversación fluída entre goberno e oposición, e pon como exemplo que no Concello de Ribadavia se está a facer así entre os portavoces dos grupos da oposición, cada dous ou tres días, de forma telemática, se ben o alcalde de Ribadavia non está a ter esa mesma actitude. Di que o Grupo Socialista manterá en todo caso esa actitude de lealdade institucional que outros grupos non están a ter noutros sitios, e polo tanto o seu voto vai ser a favor.

**Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular,** dille ao Sr. Gómez Pérez que o PP votou a favor todas as propostas ante o parlamento que fixo o presidente do Goberno, sen prexuízo de criticalas, algo que é lícito, e polo tanto non se pode acusar ao PP de falla de lealdade institucional, e iso debe quedar claro, e non confundir lealdade con submisión. Di que este programa ten como obxecto dar resposta ás necesidades de colectivos máis vulnerables ante a crise, e para isto se financiará ata o 50 % do gasto corrente en servizos sociais de concellos de menos de 20.000 habitantes, aplicando un criterio de flexibilidade máxima na definición do gastos susceptible de subvención, e os gastos deberán corresponder a servizos, actuacións ou prestacións realizadas entre o 14 de marzo e o 31 de outubro de 2020, e destaca que antes do 1 de xullo pagarase o 80 % da subvención por anticipado e de oficio a cada concello. Reitera a disposición do seu grupo a ir adaptando ou reorientando os programas de cooperación en función das necesidades que vaian manifestándose a medida que vaian desenvolvéndose.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG,** di que non ten inconveniente en recoñecer que o fondo do programa está ben, pero a pregunta é que fai un concello de 6.600 habitantes con 1.321 euros, porque ademais a problemática non é a mesma que en concellos pequenos onde a masa social a compoñen basicamente pensionistas que por agora non van ver afectados os seus ingresos coa realidade de concellos que polo seu dinamismo social hai moitísimas que persoas que acoden aos servizos sociais porque quedaron nunha situación de desamparo. Pide que se faga esta reflexión, polo propio PP ou polo grupo de DO que antes estaba na oposición e agora está no goberno provincial, porque 150.000 euros para toda a provincia non son de recibo, e mellor sería metelos noutra partida, ou se non buscar alternativas, como negociar coa Xunta a adiamento da achega para o Centro Galego de Innovación da FP – aínda que o Sr. Pérez vaille dicir que hai que facer obras, pero cre que neste momento hai moitas cousas máis que facer que non son obras – ou ter destinado a estes fins os 450.000 euros do Comerciou, que darán para axudar a 1.500 familias, e permitirían aos servizos sociais municipais atender múltiples necesidades que están acontecendo xa a día de hoxe e irán a máis no futuro. Prega ao goberno que se planifique a cooperación económica do exercicio 2021 de xeito que os concellos poidan coñecer con antelación con que fondos van a contar, como se fai nas outras provincias, engadindo que xa sabe que non podemos compararnos con Coruña ou Pontevedra pero si se pode facer a comparación co caso de Lugo.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO,** di que esta liña de axuda, aínda que é moi pequena, sempre pode ter utilidade para os concellos, e con mil euros pódense comprar por exemplo dous frigoríficos para un comedor social, é dicir, sempre hai en que gastar mil euros, e aínda que pode entender a súa postura de opoñerse ou absterse na aprobación deste programa como un toque de atención ao goberno en canto á insuficiencia da dotación do programa, cre que debe terse en conta que é unha medida máis nun paquete máis amplo que é o que ven na modificación orzamentaria aprobada hoxe. Amosa en todo caso a disposición do seu grupo a ir repensando as medidas que se vaian adoptando en función da evolución dos acontecementos, tendo en conta as necesidades pero tamén as capacidades, e fai fincapé neste último aspecto, porque cre que hai que ser prudentes na administración dos recursos ante a situación que se nos ven encima. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** quédase coa reflexión final do Sr. Caride, porque non é o mesmo estar á fronte en administracións nas que hai que tomar decisións que poden causar rexeitamento social que noutras nas que non, e pon como exemplo que as deputacións o teñen máis doado na medida en que non teñen que pedir aos cidadáns novos esforzos fiscais para obter recursos, pero en cambio os concellos é probable que teñan que tomar decisións ao respecto, e neste senso pídelle coherencia ao Sr. Caride, porque no Concello de Ourense estanse a anunciar investimentos de 50 millóns de euros cando aquí levamos toda a mañá dicindo que ao mellor hai que facer o contrario. Por outra banda, di que facer críticas a un programa porque estea dotado cunha cantidade de mil e pico euros e iso se poida considerar incluso unha tomadura de pelo aos cidadáns non é un acto de deslealdade institucional, senón unha crítica política, e lembra ao Sr. Pérez a ese respecto que no ámbito estatal, aínda que o PP votou a favor do estado de alarma, tamén votou, e xunto con VOX foi o único partido que o fixo, en contra de certas medidas como a prohibición dos despidos ou a hibernación de sectores non esenciais.

**Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** dille ao Sr. Varela, que semella que puxo en cuestión o investimento no Centro Galego de Innovación da FP, e que iso non é unha obra, é un investimento en educación que vai marcar un antes e un despois na provincia, e cre que iso non se debería criticar baixo ningún concepto. Di tamén que debe terse en conta que a Deputación de Ourense foi a primeira en Galicia en adquirir material sanitario para poñelo a disposición do posto de mando avanzado da Xunta para a súa distribución aos concellos, e di isto ao fío das dúbidas manifestadas nun punto anterior polo

Sr. Rodríguez Villarino, do que lle consta que andou chamando aos alcaldes para ver se a Deputación lles daba máscaras de cara, e pon como exemplo que no seu concello, Quintela de Leirado, a Xunta repartiu 700 máscaras e a Subdelegación repartiu cero, e o mesmo se podería dicir doutro tipo de material como xeles ou batas. Reitera a disposición a reorientar ou adaptar os programas en función do seu desenvolvemento.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e con 24 votos a favor (PP, DO, PSdG – PSOE e C’s) e 1 abstención (BNG) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa Benourense Veciñ@s de cooperación coas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos sociais no exercicio 2020, co seguinte contido:

**Primeira.- Obxecto do programa: entidades beneficiarias e gastos subvencionables. Carácter urxente da súa tramitación.**

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, para o co - financiamento de servizos sociais prestados no exercicio 2020 como consecuencia da epidemia do COVID 19.

2. Para estes efectos, serán subvencionables ao abeiro deste programa ata o 50 % dos gastos correntes municipais correspondentes á política de gasto 23 “Servizos Sociais e promoción social” recollida no anexo I da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, tendo en conta as seguintes regras especiais:

a) Non serán subvencionables os gastos municipais que xa dispoñan de financiamento a través dos outros programas de cooperación aprobados pola Deputación Provincial para o exercicio 2020.

b) Os gastos deberán corresponder a servizos, actuacións ou prestacións realizadas entre o 14 de marzo e o 31 de outubro de 2020.

c) En todo caso, e sempre que respecten as limitacións indicadas nos apartados a) e b) anteriores, consideraranse subvencionables incluídos os gastos relacionados no artigo 1.2 do

Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID – 19.

d) No caso de que os servizos sexan prestados polas mancomunidades de concellos e cumpran os requisitos indicados nos apartados anteriores, serán subvencionables as achegas municipais correspondentes aos ditos gastos mancomunados.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

3. Dada a natureza e finalidade deste programa, a súa tramitación terá carácter urxente, reducíndose á metade os prazos legalmente previstos e dándose preferencia na súa tramitación por parte das unidades administrativas da Deputación Provincial.

#### **Segunda.- Disponibilidades orzamentarias.**

Para as subvencións previstas neste programa, existe crédito extraordinario na aplicación 23111 / 46208 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, por importe de 150.000,00€ (cento cincuenta mil euros).

#### **Terceira.- Contía das subvencións**

1. A fixación do importe da subvención correspondente a cada concello establécese utilizando como criterio de reparto do crédito dispoñible o seu nivel de regresión demográfica. Para estes efectos, os concellos clasifícanse no anexo I en catro graos (concellos sen prioridade demográfica e concellos con prioridade demográfica, dentro dos que á súa vez distínguense tres graos diferentes)

Cada grao ten atribuído un coeficiente de ponderación, nos seguintes termos:

Concellos sen prioridade: 1

Concellos con prioridade grao 1: 1

Concellos con prioridade grao 2: 1,25

Concellos con prioridade grao 3: 1,5

No anexo II recóllese a clasificación en graos de todos os concellos da provincia menores de 20.000 habitantes e o coeficiente de ponderación que lle corresponde a cada un.

2. O importe mínimo das subvencións correspondente a cada concello recóllese no anexo III, e obtense dividindo o importe total do crédito dispoñible (150.000) entre o sumatorio dos coeficientes de ponderación dos noventa e un concellos potencialmente

beneficiarios, e multiplicando o resultado obtido polo coeficiente de ponderación de cada concello.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

Sumatorio dos C.P dos 91 concellos = C

$150.000 / C = R.$

Importe da subvención:  $R \times C.P.$

3. Para o suposto de que non se adhiran ao programa a totalidade dos concellos potencialmente beneficiarios, o importe definitivo da subvención incrementarase mediante a realización da mesma operación definida no parágrafo anterior, pero referida en exclusiva aos concellos efectivamente adheridos. Os importes resultantes se recollerán na resolución da Presidencia pola que se declare a adhesión dos concellos e se concedan as subvencións.

#### **Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante modelo normalizado, que estará dispoñible na sede electrónica da Deputación e no que se recollerá o compromiso expreso de cumprimento das obrigas derivadas da adhesión ao presente programa e a declaración responsable de non incorrer en prohibición legal de obtención de subvencións.

O prazo de presentación do formulario de adhesión será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva do programa no Boletín Oficial da Provincia. A comunicación da adhesión será asinada dixitalmente polo representante legal da entidade local e presentarse no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata cinco días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.



Concluído o proceso de presentación de solicitudes, mediante resolución da Presidencia resolverase o procedemento de concesión das subvencións, determinando de se-lo caso o importe concreto das subvencións finalmente concedidas conforme ao previsto no parágrafo final da base anterior. Na mesma resolución incluírase a denegación da subvención a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao disposto nestas bases.

Ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a resolución non será obxecto de notificación individual aos concellos, substituíndose pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

**Quinta.- Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.**

A xustificación e pagamento das subvencións concedidas realizarase conforme ás seguintes regras: :

I) Pagamento anticipado do 80% da subvención concedida a cada concello.

Antes do 1 de xullo de 2020, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención concedida a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

II) Xustificación e pagamento final.

1. Ata o 15 de novembro de 2020 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que facilitará a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

2. Dado que as subvencións teñen como límite o 50 % dos gastos sociais subvencionados, para a completa xustificación da subvención as entidades beneficiarias deberán acreditar a execución dun gasto equivalente ao dobre do importe da subvención, mediante os seguintes documentos normalizados:

a) Memoria da execución dos gastos subvencionados.

b) Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.

c) Certificación expedida pola persoa funcionaria encargada das funcións de intervención da entidade beneficiaria da realización dos gastos e dos copagos das persoas usuarias dos servizos correspondentes, no caso de existir.

d) Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.

3. Os gastos xustificados deberán axustarse ao previsto na base 1ª, sen que se admitan os gastos que non cumpran o indicado na dita base.

4. Nos supostos en que os gastos correctamente xustificados non alcancen o dobre do importe da subvención concedida, esta reducirase proporcionalmente na medida necesaria ata axustar a súa contía ao 50 % do gasto correctamente xustificado.

A subvención concedida xunto cos co- pagamentos das persoas usuarias do servizo e as axudas ou subvencións obtidas para a mesma finalidade, non poderán superar o 100% total correctamente xustificado. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

5. A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, de xeito motivado, se consideren necesarios para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

6. A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos previstos no apartado, nos que a resolución que declare xustificada a subvención axustará automaticamente a cantidade que deberá aboarse segundo proceda.

#### **Sexta- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada por entidades públicas ou privadas diferentes á Deputación de Ourense, para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario, co límite sinalado no apartado 4 da base anterior.

#### **Sétima- Réxime xurídico das subvencións previstas no presente programa.**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

**Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos de persoas físicas achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de

transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es)

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiránse os datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **Novena .-Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2021 e 2022. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán

realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

## **ANEXO I**

### **CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE: CLASIFICACIÓN DE RETO DEMOGRÁFICO.**

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”, neste documento recóllense, nas consideracións previas, que “a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Dende a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A Comisión de despoboamento da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación de Ourense establece unha diferenciación entre os concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que se recollen neste documento, coa finalidade de que sexan aplicados a todos os programas de cooperación e de subvencións que desenvolva a Área de Benestar durante o ano 2020 .

### **CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE**

#### **A) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.**

A.1. Sen prioridade femográfica: Estarán considerados dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento”.

- Ter máis de 10.000 habitantes.

- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes e gañar poboación na última década

A.2. Con prioridade demográfica: estarán considerados dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao Atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento, e nos que concorran algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.

- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

#### **B) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense**

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “con prioridade demográfica”, obterán un grao. Os graos son: Grao 1, Grao 2 e Grao 3, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

### **CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS. PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAOS.**

A) Criterios para determinar a prioridade demográfica.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a prioridade demográfica dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación do INE do ano 2019.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a áreas urbanas do Atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

- Concellos que non pertencen a unha área urbana do Atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2010-2019.

- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2010-2019.

- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2010-2019.

- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2010-2019.

- Concellos que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2010-2019.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> .



- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

#### 5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2018 -, e as persoas menores de 15 anos , e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice, segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

#### 6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2015, 2016, 2017, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

En atención ao explicado os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

#### 1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados concellos sen prioridade demográfica aqueles incluídos nunha área urbana, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

#### 2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como sen prioridade demográfica serán considerados con prioridade demográfica, e, serán os que obteñan a clasificación en grao en aplicación aos criterios seguintes:

#### GRAO 1.

Serán considerados como de grao 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de prioridade demográfica, automaticamente, e como mínimo, considéraselle en grao 1. Para ser clasificado de grao 2 ou 3, terá, ademais que cumprir as condicións específicas que caracterizan estes graos.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

#### GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

### GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpran algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 20%

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpra algunha das seguintes características:

- a) Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
- b) Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

## ANEXO II

### Clasificación de concellos da provincia de Ourense por prioridade demográfica

CONCELLO	CLASIFICACIÓN	PRIORIDADE	DEMOGRÁFICA	Coefficiente de ponderación
----------	---------------	------------	-------------	-----------------------------

CP

1	Allariz	sen	prioridade	1
2	Amoeiro	grao	1	1
3	Arnoia, A	grao	1	1
4	Avión	grao	2	1.25
5	Baltar	grao	2	1.25
6	Bande	grao	2	1.25
7	Baños de Molgas	grao	2	1.25
8	Barbadás	sen	prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen	prioridade	1
10	Beade	grao	3	1.5
11	Beariz	grao	3	1.5
12	Blancos, Os	grao	3	1.5

13	Boborás	grao 2	1.25
14	Bola, A	grao 2	1.25
15	Bolo, O	grao 3	1.5
16	Calvos de Randín	grao 3	1.5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1.25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1.25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1.25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1.25
22	Castrelo do Val	grao 3	1.5
23	Castro Caldelas	grao 2	1.25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1.25
26	Chandrea de Queixa	grao 3	1.5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1.25
29	Cualedro	grao 2	1.25
30	Entrimo	grao 2	1.25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1.5
33	Gudiña, A	grao 2	1.25
34	Irixo, O	grao 2	1.25
35	Larouco	grao 3	1.5
36	Laza	grao 2	1.25
37	Leiro	grao 1	1
38	Lobeira	grao 3	1.5
39	Lobios	grao 2	1.25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1.5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1.25
44	Merca, A	grao 1	1

45	Mezquita, A	grao 2	1.25
46	Montederramo	grao 3	1.5
47	Monterrei	grao 2	1.25
48	Muíños	grao 2	1.25
49	Nogueira de Ramuín	grao 2	1.25
50	Oímbra	grao 2	1.25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1.25
54	Parada de Sil	grao 3	1.5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 2	1.25
57	Petín	grao 2	1.25
58	Piñor	grao 2	1.25
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1.25
60	Pontedeva	grao 3	1.5
61	Porqueira	grao 3	1.5
62	Punxín	grao 3	1.5
63	Quintela de Leirado	grao 3	1.5
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1.25
65	Ramirás	grao 2	1.25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1.25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1.25
70	San Amaro	grao 2	1.25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1.25
73	San Xoán de Río	grao 3	1.5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1.25
76	Taboadela	grao 2	1.25

77	Teixeira, A	grao 3	1.5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1.25
80	Veiga, A	grao 3	1.5
81	Verea	grao 3	1.5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1.25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1.25
87	Vilar de Santos	grao 2	1.25
88	Vilardevós	grao 2	1.25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1.5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1.25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 3	1.5

**Anexo III: Importe mínimo das subvencións por concello, para o suposto de adhesión dos 91 concellos potencialmente beneficiarios.**

	CONCELLO	CONTÍA ASIGNADA
1	Allariz	1.321,59
2	Amoeiro	1.321,59
3	Arnoia, A	1.321,59
4	Avión	1.651,98
5	Baltar	1.651,98
6	Bande	1.651,98
7	Baños de Molgas	1.651,98
8	Barbadás	1.321,59
9	Barco de Valdeorras, O	1.321,59
10	Beade	1.982,38
11	Beariz	1.982,38
12	Blancos, Os	1.982,38

13	Boborás	1.651,98
14	Bola, A	1.651,98
15	Bolo, O	1.982,38
16	Calvos de Randín	1.982,38
17	Carballeda de Avia	1.651,98
18	Carballeda de Valdeorras	1.651,98
19	Carballiño, O	1.321,59
20	Cartelle	1.651,98
21	Castrelo de Miño	1.651,98
22	Castrelo do Val	1.982,38
23	Castro Caldelas	1.651,98
24	Celanova	1.321,59
25	Cenlle	1.651,98
26	Chandrexa de Queixa	1.982,38
27	Coles	1.321,59
28	Cortegada	1.651,98
29	Cualedro	1.651,98
30	Entrimo	1.651,98
31	Esgos	1.321,59
32	Gomesende	1.982,38
33	Gudiña, A	1.651,98
34	Irixo, O	1.651,98
35	Larouco	1.982,38
36	Laza	1.651,98
37	Leiro	1.321,59
38	Lobeira	1.982,38
39	Lobios	1.651,98
40	Maceda	1.321,59
41	Manzaneda	1.982,38
42	Maside	1.321,59
43	Melón	1.651,98
44	Merca, A	1.321,59
45	Mezquita, A	1.651,98
46	Montederramo	1.982,38
47	Monterrei	1.651,98

48	Muíños	1.651,98
49	Nogueira de Ramuín	1.651,98
50	Oímbra	1.651,98
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	1.321,59
53	Padrenda	1.651,98
54	Parada de Sil	1.982,38
55	Pereiro de Aguiar	1.321,59
56	Peroxa, A	1.651,98
57	Petín	1.651,98
58	Piñor	1.651,98
59	Pobra de Trives, A	1.651,98
60	Pontedeva	1.982,38
61	Porqueira	1.982,38
62	Punxín	1.982,38
63	Quintela de Leirado	1.982,38
64	Rairiz de Veiga	1.651,98
65	Ramirás	1.651,98
66	Ribadavia	1.321,59
67	Riós	1.651,98
68	Rúa, A	1.321,59
69	Rubiá	1.651,98
70	San Amaro	1.651,98
71	San Cibrao das Viñas	1.321,59
72	San Cristovo de Cea	1.651,98
73	San Xoán de Río	1.982,38
74	Sandiás	1.321,59
75	Sarreaus	1.651,98
76	Taboadela	1.651,98
77	Teixeira, A	1.982,38
78	Toén	1.321,59
79	Trasmiras	1.651,98
80	Veiga, A	1.982,38
81	Verea	1.982,38
82	Verín	1.321,59



83	Viana do Bolo	1.651,98
84	Vilamarín	1.321,59
85	Vilamartín de Valdeorras	1.321,59
86	Vilar de Barrio	1.651,98
87	Vilar de Santos	1.651,98
88	Vilardevós	1.651,98
89	Vilariño de Conso	1.982,38
90	Xinzo de Limia	1.321,59
91	Xunqueira de Ambía	1.651,98
92	Xunqueira de Espadanedo	1.982,38
		<b>150.000,00 €</b>

2º.- Someter as bases do programa inicialmente aprobado a información pública polo prazo de cinco días hábiles, mediante anuncio no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, o programa considerarase automaticamente aprobado definitivamente, procedéndose á súa publicación íntegra no BOP e na sede electrónica da Deputación.

**9º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA N.º 2020/2651, DO 8 DE ABRIL DE 2020, DE SUSPENSIÓN DA APLICACIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NOS TERREOS ANEXOS AO HOSPITAL SANTA MARIA NAI, E AMPLIACION DA DITA SUSPENSIÓN ATA O 28 DE MAIO DE 2020.**

O Sr. Secretario da lectura á proposición da Presidencia.

A continuación, ábrese o debate, producíndose as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** di que felicitou ao grupo de goberno por esta medida cando a coñeceu, porque é un alivio para o persoal sanitario e os usuarios non ter que pagar polo estacionamento, aínda que sexa unha contía pequena, aínda que cre que sería preferible que a compensación se

realizase xirando a concesionaria as facturas polos tickets emitidos, porque se seguen a emitir, porque isto sería máis rendible para a Deputación, dado que cre que o número de usuarios descendeu respecto do ano pasado. En todo caso, o importante é que o servizo se está a prestar de forma gratuíta e ogallá poidan adoptarse máis medidas deste tipo.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, cre que aínda que o obxectivo da medida sería para felicitar ao goberno provincial, habería que tirarlle a alguén das orellas pola negociación feita coa concesionaria, porque no propio expediente se considera a posibilidade de que a facturación de abril de 2020 poida ser inferior á de 2019 (e o mesmo cabería dicir do mes de maio) e de feito está a ser así, posto que a afluencia ao hospital é moi inferior neste período á habitual. Neste aspecto, é unha medida criticable, porque se lle están a dar á empresa uns fondos que de ter mantido o cobro de tarifas aos usuarios non tería obtido, e cre que o que se di no expediente en canto a que a empresa ten que manter os gastos de explotación e amortización de investimentos non o xustifica, porque iso pásalle a tódalas empresas cando teñen unha mingua de ingresos, e xa por non falar de que en 2019 non existía outro parking público na zona facéndolle competencia. E todo isto fai que esta medida sexa cuestionable.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO**, antes de entrar no debate deste asunto quere facerlle un apuntamento ao Sr. Gómez Pérez respecto do que dixo do Concello de Ourense no punto anterior, e explícalle que a situación económica do Concello de Ourense e a da Deputación non son comparables, dado que o Concello de Ourense terá un remanente neto trala liquidación de 2019 de 120 millóns de euros, polo que destinar 50 millóns de euros a un plan de investimento en obra pública para fomentar ou cando menos conservar o emprego, e 20 millóns máis en axudas directas, permite aínda contar cunha reserva de 50 millóns de euros para facer fronte ás eventualidades que poidan xurdir, e mañá haberá pleno no Concello de Ourense para aprobar os orzamentos e poderán discutirse alí estas cuestións. En canto á medida da gratuidade do parking, di que esta medida é posible pola situación de confinamento, que reduce a rotación do tráfico, e de feito o propio Concello de Ourense aproveitou esta circunstancia para a supresión experimental da ORA, e por outra banda neste caso concreto se prioriza ademais o servizo aos cidadáns, evitándolles a carga económica do servizo de aparcamento no caso de que teñan que acudir ao hospital. Di que non tomou parte na negociación, pero que hai que parte de que aquí hai un contrato administrativo bilateral cunha estrutura económica determinada, e é certo que co

confinamento reduciuse a rotación, pero se aínda por riba se establece a gratuidade das tarifas, o prexuízo para a concesionaria é aínda maior, e este mesmo problema o tiveron no Concello de Ourense ao declarar a gratuidade do servizo de autobuses, e nestes casos a administración pública ten que poñer na balanza a rendibilidade social e o gasto económico. Di que se algunha pega hai que poñer é que se limite ao 3 de maio, porque habería que considerar a posibilidade e estender a medida no tempo. Aplauda, por tanto, a medida – que ademais foi tamén idea dun dos grupos da oposición – e anuncia o seu voto a favor.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista,** di que non pasa nada por dicir que foi o Grupo Socialista o que fixo esa proposta, e di que o seu grupo leva moito tempo tentando que este parking e o parking do CHUOU sexan gratuítos para os usuarios, dende hai dous anos, cando recolleron máis de 10.000 sinaturas para que a Xunta non sacase a concesión o parking do CHUOU, e propuxeron pouco despois que se fixera un gran parking disuasorio gratuítos no predio Santamarina – onde ironiza con que se van facer rañaceos e parques temáticos – e mesmo hai seis meses pediron o rescate desta concesión outorgada a GEORSA, sen éxito, e é algo que demanda porque noutras cidades como Lugo o Vigo xa o teñen. Por iso propuxeron que se establecese a gratuidade o 7 de abril, pensando que non terían resposta, e o voceiro do Grupo Popular contestou de inmediato reprochándolles que non fixeran a proposta por escrito á Deputación, e se non o fixeron foi porque xa o 28 de marzo fixeran unha proposta con distintas medidas e nin se lles contestou, polo que optaron por facelo por outras vías e polo visto acertaron. Engade que o voceiro do Grupo Popular dixera o 7 de abril que era un proceso complexísimo, e o día 8 xa estaba resolto. Alédanse por isto e dálle os parabéns ao goberno provincial pola iniciativa. Di tamén que grazas a este expediente descubriron moitas cousas, como por exemplo que GEORSA gana con esta concesión arredor de 350.000 euros ao ano libres de impostos, co que xa se ve que non era tan difícil calcular o lucro cesante da concesión como se dixera no seu día ao debater o rescate da concesión. Coincide con C's e BNG en que a negociación non está ben feita, porque dunha banda o tráfico agora é menor e doutra as tarifas son menores que hai un ano, porque pola entrada en funcionamento do parking do CHUOU conseguiuase a baixada das tarifas o ano pasado, e polo tanto é moi difícil de xustificar que se lle pague a compensación prevista como se non existisen estas dúas circunstancias, porque por cada vinte tantos días de gratuidade deixan de pagarnos un ano, e isto non é aceptable e habería que renegociar isto para facelo máis asumible. Dille a este respecto ao Sr. Caride que a concesión de GEORSA non é

comparable á dos autobuses urbanos, porque esta última é un servizo público e ademais os autobuses xeran uns gastos co seu funcionamento mentres que o aparcamento está quieto no sitio e ten dó dous empregados máis un servizo de seguridade privada. Subliña que ante a dificultade de discriminar entre o persoal sanitario e o resto de usuarios abriuse a man en canto a establecer a gratuidade xeral, e incluso así sobra espazo, polo que hai que renegociar isto porque non é xusto, e os cartos públicos hai que xustificalos ata o último euro. Noutra orde de cousas, dille ao Sr. Pérez que non se pode dicir que a Subdelegación non entregase máscaras de cara ao seu concello, porque a Deputación tampouco llas entregou, entregoullas ao posto de mando avanzado da Xunta, e a Xunta reparte tamén o material que lle remite o Goberno central, e cre que hai que saber do que se fala e non falar con tanta banalidade.

**Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular,** comeza dicindo que esta pandemia pon a proba a nosa solidariedade como sociedade e esixe das administracións públicas unha actitude de plena cooperación, e que esa foi a actitude do goberno provincial dende o minuto un, poñéndose a disposición do posto de mando avanzado da Xunta para colaborar; reitera tamén a idea de que é o momento de estar coas persoas, cos colectivos máis vulnerable e co persoal sanitario que está a dar esta batalla, non sempre nas mellores condicións e arriscando as súas vidas, dando o mellor de si mesmos, e a este respecto basta dicir que somos o país do mundo con máis sanitarios contaxiados, máis do 16 % dos contaxiados polo COVID. Di que foi neste marco no que se decidiu establecer a gratuidade para os empregados públicos do SERGAS e os usuarios en xeral. Di que a touro pasado todos somos toureiros, e di que a negociación realizouse o 8 de abril, e agora todo o mundo sabe que o parking está baleiro, pero foi o 8 de abril cando se realizou a negociación, co obxectivo da gratuidade para todo o mundo, e incluso nesa negociación preveuse a posibilidade de que o parking se enchese facultando á empresa para que neses casos se dese prioridade ao persoal sanitario. Di que o beneficio neto da empresa en 2019 foi de máis de 27.000 euros, e a iso hai que engadir o gasto de manter o funcionamento do servizo, con independencia do movemento que haxa no parking, e a compensación que se pactou foi de algo máis de 26.000, e polo tanto isto hai que telo en conta. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que non lle fale de concesións, porque o goberno municipal bipartito do PSOE e o BNG no Concello de Ourense fixo unha concesión para facer as pistas de pádel de Oira en terreo público, e pagándolle ademais un canon de 39.500 euros anuais á concesionaria, un total de 316.000 euros en oito anos, e se hai que rescatar concesións entón haberá que rescatalas todas, e hai que ter empacho para falar

aquí de que a negociación está mal feita despois de que o PSOE dese unha concesión como a de Oira. Cre que a negociación está ben feita, e que ante a situación do persoal sanitario neste país non procede falar xa de boas ou malas negociacións.

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** cre que a negociación non foi boa, aínda que o que importa de verdade é que sexa gratuíto, e ela felicitou persoalmente ao Presidente por esta medida, pero cre que dende o punto de vista económico puido negociarse mellor, aínda que é consciente da dificultade desa negociación de da complexidade destes contratos, e supón que o señor secretario tamén tería algo que ver na decisión tomada. Di que hai outros parkings da cidade que tamén atravesan un momento difícil, e non por isto a Deputación vai ao seu rescate, e cre tamén que non pasa nada porque se faga unha crítica construtiva ao respecto desta medida, como cre que fixeron os grupos de PSOE, BNG e C's, no senso de que, sendo unha boa medida, algo se podía ter feito mellor.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que xa dixo na súa primeira intervención que era unha medida acaída, pero ou explicouse mal o don Rosendo Fernández non lle quixo entender. Di que o estado de alarma declarouse o 14 de marzo, e que se se pedisen os tickets do parking do 14 de marzo ao 9 de abril xa se vería a redución do uso deste espazo, e non ten lóxica que por ser menor a afluencia teñamos que pagarlle máis á empresa e asumir esa perda de facturación. Dille tamén ao Sr. Caride que a negociación da ampliación ata o 28 de maio de 2020 xa está feita, é o que ven a ratificación agora, e podería entender incluso que as presas na negociación do primeiro período levaron a ter que aceptar as condicións da empresa, pero na do segundo isto xa é menos xustificable, porque era xa evidente esa baixada de uso, co que seguramente a empresa estaba desexando este acordo, porque senón a súa perda sería maior, perda relativa porque en todo caso estamos a falar dunha empresa que non ten perdas, cun beneficio líquido anual de máis de 300.000 euros, e iso deriva da concesión que se adxudicou no seu día e non hai nada que dicir, pero o que non é lóxico é que se aproveite esta circunstancia para que se lle compensen as perdas causadas pola perda de usuarios debida ao confinamento, e máxime se falamos de diñeiro público. Agarda por isto que se se da unha nova prórroga se negocie dun xeito máis conservador do diñeiro público que tanta falla fará para afrontar esta crise.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO**, di que non se pode valorar unha negociación sen coñecela, e hai que partir dun contrato que especifica

dereitos e obrigas de cada parte e dunha lei que obriga a compensar dano emerxente e lucro cesante en caso de rescate ou suspensión da concesión, e a partir de aí ten que haber unha negociación e ao mellor se a empresa adopta unha posición dura nesa negociación ao mellor nola temos que comer. Di que este tipo de medidas custan cartos ás administracións públicas, e dirixíndose ao Sr. Rodríguez Villarino explica que o servizo de transporte urbano no Concello de Ourense ten un custe neto en torno a 5 millóns de euros anuais, porque se pagan 7 millóns á empresa e se recadan 2 millóns, e estes dous meses sen cobrar billetes supón un custe para o concello de medio millóns de euros, e o suspender a ORA cóstalle ao concello 30.000 euros ao mes, porque a empresa ten un contrato e uns dereitos contractuais que hai que respectar. Cre que o que importa é a decisión de dar gratuidade a este servizo, e esa decisión cre que é correcta pola excepcional circunstancia do confinamento, porque en situacións normais a gratuidade do aparcamento é negativa xa que reduce a rotación dos vehículos e poder xerar un problema de tráfico e de falla de espazos para estacionar.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista**, di que o seu grupo vai votar a favor, pero ten delito que o Sr. Caride, que forma parte do grupo de goberno, non saiba en que termos foi a negociación, porque debería estar informado, aparte de que hai un informe de Secretaría que di claramente como se foi xestionando este acordo. Cre que este acordo abre a porta ao rescate que pediu o seu grupo, e que é de xustiza porque os cidadáns de Ourense non poden ser menos que os de Vigo e Lugo, e naturalmente que custará cartos, pero a concesionaria seguro que está encantada co rescate, porque sabe que o negocio xa non da como antes, igual que estará encantada con este acordo de suspensión. Di que o feito de que haxa que tomar esta medida en apoio do persoal sanitario, que merece un aplauso económico e non só un aplauso dos outros, non quita para que a oposición teña todo o dereito do mundo a criticar os aspectos económicos deste acordo, e cre que a intervención do Sr. Fernández, ao igual que algunha intervención puntual do Sr. Pérez, esta a crebar o espírito de concordia que hai neste pleno, e o Sr. Fernández empezou falando de concordia pero logo dixo unha serie de cousas que rompen ese espírito, como reprocharlle o tema das pistas de pádel de Oira, e di que se quere pode coller tódalas decisións de tódolos gobernos socialistas do mundo e botarllas en cara, pero el non ten ningunha responsabilidade ao respecto e estamos a debater un asunto distinto. Insiste en que isto foi inicialmente unha proposta do seu grupo, e pide que a partir deste acordo se retome a proposta de rescatar a concesión, porque é unha demanda da

ciudadanía de Ourense que eles canalizan, e que tamén se inste á Xunta a rescatar e declarar gratuito o servizo do parking do CHUOU, porque Ourense non merece menos.

**Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular,** dille á Sra. Lama que a opción do canon para a compensación é a máis segura, porque ademais non esixe ningún gasto orzamentario neste ano, non esixe un desembolso inmediato e o custe financeiro é para a concesionaria, porque o canon non o tiña que pagar ata o exercicio seguinte, e isto hai que telo en conta. Di que ademais tampouco se obvio o tema da ocupación, e di que do 13 ao 16 de abril (porque hai que ter en conta que a semana anterior foi Semana Santa) a media de ocupación foi de 2 horas e 10 minutos, que equivale a 2,15 euros, un aumento de 50 minutos sobre a media, o que multiplicado pola media de tickets dese mesmo período da o resultado que da. Polo tanto, non foi unha mala negociación, e o importante é que o parking estea a disposición do persoal sanitario e dos usuarios.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar a resolución da Presidencia nº 2020/2651, de 8 de abril de 2020, de suspensión da aplicación das tarifas do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai dende as 00.00 horas do día 9 de abril de 2020 e ata as 23.59 horas do día 3 de maio de 2020.

2º) Ampliar a dita suspensión ata as 23.59 horas do día 28 de maio de 2020. En compensación polas tarifas deixadas de percibir durante o período de ampliación da suspensión, a concesionaria queda exonerada do pagamento a esta Deputación do canon concesional correspondente ao exercicio 2021.

Serán de aplicación á ampliación da suspensión as mesmas condicións establecidas na resolución nº 2020/2651 de 8 de abril para o período inicial de suspensión.

3º) Notifíquese á empresa interesada, e publíquese na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

## **10º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS OU DE AUTOEMPREGO EN MUNICIPIOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN NO MARCO DO PROXECTO**

**EMPRENDOU, FINANCIADO POLO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO  
XUVENIL DO FONDO SOCIAL EUROPEO (AXUDAS EMP-POEJ).-**

O Sr. Secretario expón o contido da proposición da Presidencia.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía** anuncia o seu voto a favor, e reitera o dereito á crítica construtiva, porque a verdade absoluta non a ten ninguén, e a súa disposición a colaborar co goberno provincial no que necesiten.

**Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG**, di que cre que o BNG está a ter unha actitude leal e mesmo comprensiva ante a dificultade da toma de decisión nesta situación, e mesmo o Goberno da Nación, co que discrepan nalgúns cousas, hai que recoñecer que está a tomar decisións que son moi difíciles. Con respecto ao programa Emprendou, di que este programa é un exemplo dun caso no que sí é lóxico dar preferencia aos concellos en situación de regresión demográfica, e anuncia o seu apoio a esta proposta, porque apoian o proxecto que pretende impulsar a xeración de auto – emprego nos concellos menos favorecidos da provincia.

**Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO**, anuncia o seu apoio á proposta, que entende é unha cuestión de trámite. Di que sae moi satisfeito deste pleno polo espírito de concordia que imperou, e como dixo o Sr. Gómez Pérez é certo que teñen que suceder este tipo de crises para que estas cousas sucedan, historicamente sempre foi así, pero en todo caso se este espírito serve para acadar acordos de colaboración entre os grupos, benvido sexa. Di que hoxe si pode dicir que foi un pracer participar neste debate.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista**, di que en efecto, cre que este punto é unha cuestión de mero trámite. Agradece a lealdade institucional que presidiu este pleno, e amosa a disposición do seu grupo a continuar nesta liña; agradece tamén que nesta proposta de acordo se cite á Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, porque é este Ministerio o que sentou as bases e o que xestiona estes programas. Anuncia o seu voto a favor, e pide se lle poden informar do número de emprendedores beneficiarios e do gasto realizado, porque se leu ven os documentos o 20 de xuño habería que ter executado o 40 % e é simplemente para coñecer a evolución do programa.



**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que en efecto a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial e Función Pública concedeunos unha prórroga do programa ata decembro de 2021 para completar a súa execución, e a proposta de hoxe non ten outro obxecto que o de axustar os prazos do programa a esa prórroga. Di que non ten aquí os datos económicos, aínda que cre que vai por bo camiño, e que a día de onte había 88 solicitudes aprobadas, 4 en trámite e 10 denegados por diversas razóns, e en todo caso dille ao Sr. Rodríguez Villarino pode dirixirse ao Negociado de Transparencia que dará resposta ás súas preguntas como é costume. Di que sen ánimo de polemizar quere facerlle un apunte ao Sr. Rodríguez Villarino, porque ten información de que ao parecer o Goberno central entregou a Galicia 600.000 máscaras de cara, das que 68.000 foron á provincia de Ourense, o que semella un número baixo para o noso índice de contaxiados, e que ademais algunhas das que foron distribuídas a centros hospitalarios ou a algunhas zonas da provincia que fixo a garda civil e a policía estaban defectuosas, e ten tamén información de que nalgúns casos se entregaron directamente a algúns concellos gobernados polo PSOE, e en cambio a Deputación non entregou ningunha a ningún concello gobernado polo PP. Di que a Xunta distribúe as que lle da o Estado, as que adquire con fondos propios e doazóns, e as que lle entrega a Deputación (40.000) a través do posto de mando avanzado, polo que máis transparencia non se pode ter. Cre que deben mellorarse as entregas do Goberno central na provincia, de máscaras de cara e tamén de test, e avanza que o goberno provincial está a estudar a posibilidade legal e económica da adquisición de test para o persoal da administración provincial, de cara a esa nova normalidade que anunciou o presidente do Goberno.

**Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista,** dille ao Sr. Álvarez Dobaño que era innecesario facer esta última intervención, que non viña a conto e ademais é falsa, e non podemos rematar unha reunión que empezou tamén con datos falsos. Di que os datos oficiais a 28 de abril é que se entregaron a Galicia polo Estado 2.279.724 máscaras de cara. Con respecto ao material defectuoso, o que sucedeu foi que se detectou polo propio Estado un lote en malas condicións, o que é lóxico nunha situación loxística desbocada, e por iso o Goberno retirou todo o envío no que se detectara ese defecto, e é menos desculpable que a Xunta, tendo coñecemento desta situación, tardase tres días en facer a eliminación. Por tanto, non veu a conto esta intervención con datos falsos, e non se pode vir con isto a estragar un pleno como o de hoxe.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular** di que en todo caso quen estragou o pleno foi o Sr. Rodríguez Villarino, e di que el non deu ningún dato falso e referiuse só ás 68.000 que se repartiron en Ourense, dando un dato obxectivo e sen poñer en cuestión as cifras que deu o Sr. Rodríguez Villarino, ao que lle lembra que acusou publicamente á Deputación da desaparición dunha máscaras de cara que, simplemente, aínda non foran subministradas.

O contido íntegro da deliberación figura no enlace da videoacta: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións, procedéndose á votación, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación do texto refundido das bases reguladoras das subvencións para proxectos empresariais ou de auto - emprego en municipios rurais de menor poboación, no marco do proxecto EmprendOu (publicado no Boletín Oficial da provincia de Ourense núm. 273 de data 28 de novembro de 2019) nos seguintes termos:

Un. A base primeira queda redactada da forma seguinte:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, 2020 e 2021, no marco do proxecto EmprendOu.

Dous. A base cuarta (contía), quedará redactada da forma seguinte:

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica equivalente ao 75 % do salario mínimo interprofesional por cada mes de exercicio efectivo da actividade subvencionada, cun mínimo de 6 meses e un máximo de 12 meses. Estes períodos terán que cumprirse antes do 17 de decembro de 2021, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

Tres. O apartado 2 da base quinta (solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación) queda redactado nos seguintes termos:

2. As solicitudes poderán presentarse en calquera momento dende a publicación da convocatoria e ata o 16 de xuño de 2021.

Catro. O Anexo I queda redactado da forma seguinte:

## Anexo I

Municipios elixibles e non elixibles

Municipios; Situación

Allariz; Non elixible

Bola, A; Elixible

Gudiña, A; Elixible

Merca, A; Elixible

Mezquita, A; Elixible

Peroxa, A; Elixible

Rúa, A; Elixible

Teixeira, A; Elixible

Veiga, A; Elixible

Amoeiro; Elixible

Arnoia, A; Elixible

Avión; Elixible

Baltar; Elixible

Bande; Elixible

Baños de Molgas; Elixible

Barbadás; Non elixible

Barco de Valdeorras, O; Non elixible

Beade; Elixible

Beariz; Elixible

Boborás; Elixible

Calvos de Randín; Elixible

Carballeda de Avia; Elixible

Carballeda de Valdeorras; Elixible

Carballiño, O; Non elixible

Cartelle; Elixible

Castrelo de Miño; Elixible

Castrelo do Val; Elixible

Castro Caldelas; Elixible

Celanova; Elixible

Cenlle; Elixible

Chandrea de Queixa; Elixible  
Coles; Non Elixible  
Cortegada; Elixible  
Cualedro; Elixible  
Entrimo; Elixible  
Esgos; Elixible  
Gomesende; Elixible  
Irixo, O; Elixible  
Larouco; Elixible  
Laza; Elixible  
Leiro; Elixible  
Lobeira; Elixible  
Lobios; Elixible  
Maceda; Elixible  
Manzaneda; Elixible  
Maside; Elixible  
Melón; Elixible  
Montederramo; Elixible  
Monterrei; Elixible  
Muíños; Elixible  
Nogueira de Ramuín; Elixible  
Bolo, O; Elixible  
Oímbra; Elixible  
Blancos, Os; Elixible  
Ourense; Non elixible  
Paderne de Allariz; Elixible  
Padrenda; Elixible  
Parada de Sil; Elixible  
Pereiro de Aguiar; Non Elixible  
Petín; Elixible  
Piñor; Elixible  
Pobra de Trives, A; Elixible

Pontedeuva; Elixible  
Porqueira; Elixible  
Punxín; Elixible  
Quintela de Leirado; Elixible  
Rairiz de Veiga; Elixible  
Ramirás; Elixible  
Ribadavia; Elixible  
Riós; Elixible  
Rubiá; Elixible  
San Amaro; Elixible  
San Cibrao das Viñas; Non Elixible  
San Cristovo de Cea; Elixible  
San Xoan de Río; Elixible  
Sandiás; Elixible  
Sarreaus; Elixible  
Taboadela; Elixible  
Toén; Elixible  
Trasmiras; Elixible  
Verea; Elixible  
Verín; Non Elixible  
Viana do Bolo; Elixible  
Vilamarín; Elixible  
Vilamartín de Valdeorras; Elixible  
Vilar de Barrio; Elixible  
Vilar de Santos; Elixible  
Vilardevós; Elixible  
Vilariño de Conso; Elixible  
Xinzo de Limia; Elixible  
Xunqueira de Ambía; Elixible  
Xunqueira de Espadanedo; Elixible

2º) Ordenar a publicación do texto refundido das bases reguladoras resultante desta modificación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

**11º .- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos dos meses de febreiro e marzo de 2020 e do primeiro adicional de xaneiro de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

E, ás 14.59 horas do citado día 29 de abril de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

